



Nas páxinas que siguen, dáse conta daqueles programas máis destacados neste ano 2017. En todos eles debe terse presente que desde a equipa técnica existe un compromiso expreso coa ética e as boas prácticas profesionais, obrííndose a fundamentar o desempeño da súa práctica profesional nos principios éticos de solidaridade, cooperación, xustiza social e corresponsabilidade.

Damos boa proba disto na

- Realización do **Banco de Libros de Teis** (único Banco de Libros Comunitario da cidade e mesmo da súa área de influencia)
- Participación de balde en xornadas e foros sociais nos que se traballa activamente na mellora das bases sociais, establecendo convenios de colaboración con aquelas entidades que teñan políticas de responsabilidade social no seu ideario.

Desde o Plan Comunitario de Teis perseguimos o interese común e o dereito da veciñanza de Teis a se estruturar e organizar de xeito activo na resolución dos seus problemas, o que implica unha responsabilidade compartida por parte de todas as persoas, os/as axentes sociais, os servizos e os recursos que se atopan na nosa comunidade.

A súa participación activa e voluntaria é a que nos permite obter uns resultados socialmente rendibles contribuíndo á mellora socio-económica e ambiental do barrio.

Por outra banda, tentamos e potenciamos que as empresas ubicadas no barrio se impliquen no proceso de incorporación social e laboral dos colectivos sociais máis vulnerables.

Na parte que nos corresponde, establecemos convenios de Colaboración con entidades sociais que persigan o mesmo fin e nos soliciten adscrición, para contratación ou asunción de alumnado en prácticas laborais:

Colaboramos activamente en todas aquelas actuacións que sexan precisas para conservar e mellorar a nosa contorna.

Nestas memorias non se describe o “**Programa de alfabetización para mulleres de orixe estranxeira**”; Programa que se ven desenvolvendo desde hai xa 8 anos, co fin de promover a igualdade para as mulleres inmigrantes veciñas do barrio.

A propia evolución do programa e os cambios producidos nas características da nova poboación migrante, obrííganos a reprogramar e/ou reconducir o programa cara a poder atender ás novas necesidades tanto nas mulleres coma na poboación migrante en xeral.

As memorias dos diferentes programas, manteñen o formato segundo os organismos aos que se presentamos, polo que poden parecer metodoloxicamente diferenciados. Nada máis lonxe da realidade: unha lectura profunda dá conta da transversalidade e coherencia metodoloxica de todos e cada un deles.

## PROXECTO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADICTIVAS -PLAN COMUNITARIO DE TEIS 2018-2019<sup>1</sup>

### Avaliación de necesidades da poboación destinataria do proxecto

Segundo os datos do Concello a poboación do barrio de Teis, onde se desenvolve o Plan Comunitario de Teis, é duns **28.279 habitantes** -censo a 01/01/2017-.

A cidade de Vigo e, por extensión o barrio de Teis, sufriu uns cambios sociodemográficos moi profundos na década dos 70, onde o desenvolvemento industrial provocou o crecemento acelerado da cidade e do barrio. Precisábanse dotacións empresariais e servizos que pudesen atender á nova poboación que estaba a chegar. Foi así como Teis foise integrando na cidade, ata que, durante os anos oitenta, a reconversión industrial desembocou nunha drástica crise, conformando, particularmente en Teis, unha nova realidade socio-económica e urbanísticamente máis deteriorada (abandono de fábricas, deterioro do entorno...).

A parroquia San Salvador de Teis sufriu (e segue a sufrir) unha desestruturación brutal e continúa -pola súa situación estratéxica na cidade-, deixando de ser unha unidade territorial uniforme, fragmentándose e dividíndose nas 6 parroquias que actualmente ten.

Recibiu moitísima poboación foránea, incrementado o seu número de habitantes nun curto período de tempo. Para dar cabida a toda esa poboación, xenerouse un desenvolvemento urbanístico acelerado e desordeado. Todo este desenvolvemento urbanístico leva consigo unha sobreesaturación de infraestruturas nun espazo físico moi reducido (rede viaria da cidade, 2 liñas férreas, 1 autoestrada, cables de alta tensión, nun espazo de 5,8 Km<sup>2</sup>), coa particularidade de que o trazado de estas infraestruturas realiza unha participación horizontal do barrio, marcando artificialmente as zonas: zona de asentamentos tradicionais e zona urbana. Entre unha e a outra zona non existe transversalidade algunha.

Nestas circunstancias urbanísticas danse as condicións para a proliferación de espazos ou “micropuntos” segregadores onde converxe un gran número de poboación vulnerable e/ou socialmente marxinal, moita dela con problemas derivados do consumo de sustancias. Teis conta cunhas características sociodemográficas de: **Desarraigo** motivado pola procedencia do rural, de barrios tradicionais da cidade e doutras nacionalidades. **Poboación nova**, e con **baixo índice de ocupación**. É común o **baixo nivel cultural**. A cualificación profesional é escasa, **maioritariamente operarios, fundamentalmente do sector industrial portuario e servizos**. Estas situacións inciden directamente nos **factores de risco** (ver o programa “Facendo barrio”) que se enumeran a continuación e que se interrelacionan coas diversas características persoais, familiares, escolares; coas formas de relación cos iguais, os hábitos de ocio ou as influencias culturais e macrosociais:

#### Factores de risco:

Factor social	Factor laboral
<ul style="list-style-type: none"> <li>• A non participación social</li> <li>• Coñecer consumidores/as de drogas</li> <li>• Dependencia do grupo</li> <li>• Facilitade de obter as drogas</li> <li>• Insatisfacción no ocio</li> <li>• Estigma social</li> <li>• Percepción social negativa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Agobio ou estrés no traballo</li> <li>• Esgotamento intenso no traballo</li> <li>• Inquietude ante o futuro laboral</li> <li>• Insatisfacción co trato recibido</li> <li>• Insatisfacción na función ou traballo</li> <li>• Mala situación contractual</li> <li>• Xornadas de traballo prolongadas</li> </ul>

<sup>1</sup> Proxecto cofinanciado pola Consellaría de Sanidade da Xunta de Galiza ao abeiro da Orde 26 de xuño de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para ocofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por entidades privadas sen ánimo de lucro que desenvolven o seu labor no eido da prevención na Comunidade Autónoma de Galicia.

Factor Familiar	Factor Persoal
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Abuso do alcohol ou drogas pol@s país/nais</li> <li>• Agobio pola situación económica familiar</li> <li>• Enfermidade mental ou nerviosa na familia</li> <li>• Malas relacións entre cónxuxes ou parella</li> <li>• Malas relacións país/nais –fillos/as</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fracaso escolar. Insatisfacción persoal</li> <li>• Sensación de agobio ou tensión</li> <li>• Sensación de non poder superar as dificultades</li> <li>• Sentimento de perda de confianza en sí mesmo</li> <li>• Conflito na construción da identidade</li> </ul>

No barrio ubícanse 5 centros educativos públicos de Educación primaria; 1 de Educación infantil; 3 privados e 2 concertados, de Educación Primaria e Secundaria; 4 institutos e 1 Centro de formación ocupacional. Ademais de 1 centro cívico, 1 centro sociocultural, 5 agrupacións deportivas...e outros moitos recursos e servizos que interctúan entre sí e que requiren dunha coordinación estratéxica, cara á execución de proxectos.

O Plan Comunitario de Teis pertence a **Área Sanitaria de Vigo** que consta como **1ª** na Taboa de priorización segundo o Índice de Risco Epidemiolóxico (**IRE**), polo que se considera a de maior índice de Risco en consumo de drogas, cunha calificación de **12** puntos de Índice de Risco Absoluto de Prioridade. Os principais factores de risco cos que se atopa a poboación do barrio de Teis

### Áreas de actuación do Proxecto

Nos comezos do proxecto definíronse catro grandes ámbitos de actuación: Escolar, Familiar, tempo libre e laboral, desde unha perspectiva transversal de dinamización e participación comunitaria. Actualmente mantéñense os programas no ámbito escolar, familiar, xuvenil e de ocio e transversais, ámbitos coincidentes cos que recolle a propia Orde desta convocatoria como ámbitos de carácter básico, complementario e libre, como é o caso dos programas transversais.

O Proxecto ten **11 Programas**. **6 de carácter básico**: No **ámbito escolar**, o programa de prevención universal, **Saúde na Escola/ PPCDE**: “Obradoiros de educación en saúde e hábitos de vida saudable” e “Obradoiro socioeducativo nas aulas a través da natureza”; O programa de prevención selectiva, **Non pasa nada. ¿Pasa algo? No ámbito Familiar** o programa de prevención universal, **Máis que un teito**: “Escola de Nais e Pais”, o programa de prevención selectiva **En familia, todos contan**: “asesoramento e orientación socioeducativa á familia” e o programa de prevención indicada **“Entre todos/as”**; No **ámbito xuvenil** e de ocio, o programa de prevención universal **Activa**: “Actívate xogando”. **Catro de carácter complementario** con compoñentes de tipo universal e selectivo: **dous**, da **carteira de servizos** e **tres de carácter libre**, un deles no **ámbito comunitario**: os programas de prevención universal **Información- sensibilización, Formación de mediador@s sociais** (“comité interanpas” e “formación monitores/as de tempo libre e animadores/as socioculturais”); **“Obradoiros socioeducativos nas aulas a través da natureza”** e **“Obradoiros de educación afectivo-sexual”**, (programas libres no ámbito escolar) e **“Facendo barrio”** (programa libre de prevención estrutural e ambiental de carácter comunitario).

### Principios metodolóxicos xerais do proxecto

Como é propio dos plans comunitarios, o Plan Comunitario de Teis actúa baixo o marco conceptual do **modelo comunitario** de intervención; polo tanto as liñas de actuación a seguir veñen definidas pola **metodoloxía de traballo comunitario**, onde a comunidade é, non só obxecto, senon tamén suxeito da intervención. Asumir este modelo, implica asumir con todas

as consecuencias o principio de **participación**, guiado polos criterios de **universalidade**, **integralidade** das propostas, **globalidade** das accións, **transversalidade** dos principios, **coordinación** dos servizos, institucións e axentes sociais, **prevención** de situacións de exclusión, enfoque desde a **perspectiva de xénero** e **emprego da lingua galega**. (Introducírase a perspectiva de xénero en todos os programas, as intervencións, actuacións e actividades presenciais e/ou dixitais, desde o respecto á diversidade e utilizarase a lingua galega como lingua vehicular e en toda a documentación distribuída e/ou elaborada.

Como complemento e soporte deste modelo comunitario, nos diferentes programas utilízanse **ademáis** os **modelos teóricos** que se consideran máis apropiados segundo os seus obxectivos e que se atopan definidos en cada programa da Carteira de Servizos: modelo teórico de Bandura; modelo de estilos de vida e factores de risco de Calafat e outros; modelo sistémico; modelo de desenvolvemento social de Catalano, Hakwis e colaboradores; modelo de influencia entre iguais...

---

### **Equipa que desenvolveu o proxecto**

---

Unidade de prevención: Unha traballadora social, como coordinadora *técnica, para coordinación*, seguimento e difusión e execución do proxecto. Unha educadora social para acompañamento e execución conxunta dos diferentes programas. Puntualmente, contouse cun educador social para o desenvolvemento dalgún obradoiro nos centros educativos.

Persoal colaborador: integrantes dos colectivos e asociacións presentes no Barrio, integrantes do comité interanpas (nais/país) e profesionais do comité técnico: traballadoras sociais, psicólogas/os, pedagogos/as e orientadores/as, educadoras/es sociais.

### **Interacción con outras entidades/recursos ou grupos de interese**

A interacción con outras entidades-recursos e/ou grupos de interese do proxecto de prevención de condutas adictivas, será regular e periódica a través de visitas presenciais, xuntanzas (específicas ou dentro das diferentes comisións e comités) e contacto telefónico e/ou por e-mail cada vez que sexa necesario; todo para garantir a interactividade e a construción de mecanismos activadores do diálogo e do establecemento e consolidación de vínculos que actúen de potencial preventivo na comunidade.

### **ENTIDADES COLECTIVOS E SERVIZOS QUE SE INTEGRAN PERMANENTEMENTE NO PROXECTO:**

**Recursos escolares Públicos:** CEIP Paraixal, CEIP Frián, CEIP San Salvador de Teis, CEIP Vicente Risco, CEP Santa Tegra; CEI Monte da Guía, IB A Guía, IES ROU, IES de Teis, Colexio Possumus e Colexio Monterrey (concertados).

**Recursos sanitarios:** Centro de saúde de Teis; Unidade Asistencial Alborada Vigo

**Recursos sociais:** U.T.S Teis e Travesía, Caritas Diocesana Tui-Vigo, Hnos. Misioneros de los enfermos pobres, Fogar Santa Isabel, Centro de Día de Maiores "Atalaia".

**Colectivos e Entidades privadas:** ANPA Frián; ANPA San Salvador de Teis; ANPA Paraixal; ANPA Sta. Tegra; ANPA EEI Monte da Guía; ANPA Possumus; Comunidade de Montes de Teis, Voces polo Litoral de Teis; Colectivo parroquial Santo Ignacio de Loiola, as Neves e o Divino Salvador de Teis; Parroquia San Francisco Xavier; Marinetea; Club Ciclista Teis; Club de Remo Virxe da Guía; Agrupación deportiva Xogara; Asociación de Comerciantes do mercado e Zona Teis centro comercial aberto (puntualmente outros colectivos deportivos, culturais e veciñais).

**Entidades privadas/plataformas implicadas e coordinadas no desenvolvemento do Proxecto:** Plan Local sobre drogas e outras adicións do Concello de Vigo; Coordinadora Galega de Plans Comunitarios.

## MEMORIA DESCRIPTIVA DE CADA PROGRAMA

### a) Programas no ámbito escolar

#### 1.- Programa Saúde na Escola/PPCDE

##### **Poboación obxectivo:**

Poboación final: alumnado de primaria, ESO/FP básica e Bacharelato dos centros educativos do barrio: 6.654 alumnos/as (aprox.).

Poboación mediadora: comunidade educativa do barrio (orientadoras/es, mestres/as e titores/as): 330 (aprox.)

##### **Actividades, metodoloxía e contidos:**

---

#### "Obradoiros de HH.SS e Toma de decisións"

---

Impartíronse en colaboración co departamento de orientación e o profesorado de cada centro. Realizáronse obradoiros que lle facilitasen, aos alumnos e alumnas, instrumentos cara a reforzar a autoestima, a confianza en si mesmos e a tolerancia á frustración; ao tempo fomentáronse valores e alternativas de ocio que axuden a elixir estilos de vida saudables, incompatibles co uso de drogas (Coidado do corpo e da saúde, colaborar cos demais, manterse á marxe dos consumos dos amigos, afección á lectura, participar en actividades sociais, coñecer mensaxes preventivas de drogas, Integración no barrio...).

Desenvolvéronse actividades de habilidades sociais, fomento de valores, toma de decisións, autocontrol das emocións, autonomía persoal, interacción social e comunicación interpersoal. Tentouse fomentar a participación da poboación destinataria en actividades preventivas que se estaban a realizar na súa contorna, ofertándolle aquela información pertinente sobre as consecuencias do consumo de sustancias; facendo especial fincapé no consumo de tabaco, alcohol e cannabis.

Cada obradoiro constou de 2/3 sesións (segundo centros) de 50 minutos, cun espazo de 1 semana entre cada unha delas.

##### **AVALIACIÓN do programa:**

**Poboación destinataria real:** 260

**Houbo cambios e incidencias sobre o planificado**, tendo que apretar o calendario de maio xa que no ies teis o cambio de orientadora impediu poder realizar antes os obradoiros. Tamén nos utros institutos se retrasou polo mesmo motivo. Ademáis déronse numerosos cambios na calendarización inicial no ROU por baixa da Orientadora.

##### **AVALIACIÓN CUANTITATIVA**

- .-Nº de centros escolares participaron no programa: 3 dos 4 institutos
- .- Nº de nenas e nenos participantes no programa: 242
- .- Nº de profesionais implicados no programa:18

##### **AVALIACIÓN CUALITATIVA**

- .-Grao de participación dos centros: Medio alto
- .-Grao de satisfacción dos profesionais implicados: Alto

- Grao de satisfacción da poboación participante: Medio-Alto
- Grao de adquisición de contidos: Medio

### CONCLUSIÓNS:

A pesares de incrementarse o nº de cursos nos que se demanda a impartición de hh.ss e toma de decisións, o nº de alumnado é menor, xa que tanto no IES. A Guía coma no IES Teis, diminuíu o número de alumnos/as nos primeiros ciclos (sobre todo en 1º da ESO) algo que ten que ver directamente coa diminución nos seus centros adscritos; de aí que a maioría do alumnado (que non de cursos) se concentre no ROU no que se mantén a ratio por curso.

## 2.- Programa Non pasa nada. Pasa algo?

### **Poboación obxectivo:**

Programa dirixido ao alumnado de 4º ESO e FP Básica en xeral dos centros educativos do barrio, onde se detectou algún problema relacionado co uso de drogas: 310 alumnos/as (aprox).

Ademáis, durante os meses de duración doutros programas da Entidade, traballáronse **regularmente con grupos** formados por alumnos e alumnas (en idades comprendidas entre os 16-18 anos) con necesidades socioeducativas e risco condutual de consumo: 15 (aprox).

### **Actividades, metodoloxía e contidos:**

Pártese dos principios metodolóxicos xerais do Proxecto, de tal xeito que os contidos das actividades impartíronse en colaboración e consenso co departamento de orientación, o profesorado e familias de cada centro ao que se acudíu, garantindo a adaptación dos contidos que tiñan que ver coas problemáticas existentes en cada un dos centros educativos en relación coas drogas (sesión de análise).

Tratáronse contidos sobre os riscos do consumo abusivo de drogas facendo especial fincapé no consumo de tabaco, cannabis e alcohol (Mitos e crenzas; uso, abuso, dependencia e tolerancia; evolución condutual nos consumos). Ademais, e cara a diminuír as condutas de risco, entrenáronse habilidades sociais e relacionais; resolución de conflitos; toma de decisión, afrontamento, autocontrol, interacción social e comunicación interpersoal, abordaxe dos riscos do consumo, e condutas asociadas.

Realizáronse obradoiros de 50 minutos por grupo, cun intervalo dunha semana (preferiblemente) entre cada unha das sesións.

### **AVALIACIÓN do programa:**

**Poboación destinataria real: 86**

**Non houbo cambios nen incidencias sobre o planificado.**

### **AVALIACIÓN CUANTITATIVA:**

- nº alumnado participante: 76
- nº de profesionais implicados/as:
- nº centros participantes: 3
- nº sesións realizadas: 8

### **AVALIACIÓN CUALITATIVA**

- grao de consecución de obxectivos: Medio
- grao de captación de contidos: Medio
- grao de satisfacción do alumnado participante: Medio-alto

□ grao de satisfacción dos e das profesionais implicados: Alto

### CONCLUSIÓNS:

Este ano conformáronse 2 grupos (12/14) mozos e mozas que participan noutro programa da Entidade e cxs que se realizaron varias sesións formativas con unha moi boa aceptación e bos resultados en canto a captación de contidos.

Con respecto aos centros escolares, como noutros anos estamos a facer especial fincapé na participación de alumnado de formación profesional básica, xa que é un alumnado especialmente vulnerable cuxos horarios (usualmente de tarde) favorecen o absentismo escolar, o que comporta un importante factor de risco cara a posibles consumos. No barrio de Teis, este alumnado concéntrase nun mesmo instituto, polo que dos 3 participantes o forte das intervencións realizáronse no IES Teis.

## b) Programas no ámbito familiar

### 1.- Programa “Máis que un teito”

#### **Poboación obxectivo:**

Programa dirixido as nais e pais do alumnado dos centros educativos do barrio de Teis: 4.280 familias (nais/pais) aprox.

Poboación mediadora: Anpas e orientadores/as, Mestres/as dos centros educativos do barrio, profesionais do comité técnico: 75 (aprox)

#### **Actividades, metodoloxía e contidos:**

---

### "Escolas de nais e pais" "Escolas dixitais"

---

As liñas de actuación a seguir veñen definidas pola metodoloxía de traballo comunitario.

Nesta edición tentonuse combinar as sesións presenciais coa modalidade dixital, a través da nosa web, comezada no 2017: as “Escolas dixitais”, mediante un portfolio, pretenden fomentar a participación e a aprendizaxe activa, o diálogo e o traballo en grupo. Neste espazo compártanse enlaces de traballo coa idea de poder engadir aportacións, que terán cabida nun documento final xunto coas dos/das participantes presenciais ás sesións e ó que se poderá ter acceso a través da nosa páxina web, difundindo deste xeito o traballo de todos e todas para que poida ser aproveitado polo resto da comunidade.

#### **AVALIACIÓN do programa:**

Malia o reporte negativo da realización final da actividade, a participación das anpas no proceso de implementación, deixan os seguintes resultados:

**Poboación destinataria real:** 100

#### **AVALIACIÓN CUANTITATIVA:**

.-Nº de obradoiros realizados: 0

.-Nº de nais e pais participantes:5

.-Nº anpas implicadas: 5

.-nº centros escolares implicados: 5



## CONCLUSIONES:

Dada a baixa participación na modalidade presencial e o período de adaptación que require a modalidade dixital, este ano non se pode realizar unha valoración positiva da actividade.

Neste período da subvención, logo de varios contactos dentro do Comité interanpas, decidíuse que funcionasen únicamente as escolas dixitais, prescindindo das sesións presenciais, dadas as dificultades de asistencia continuada dalgunhas das posibles persoas destinatarias do programa.

Pese a varios intentos de axilizar a interacción dentro da páxina web, non se obtivo a participación esperada, polo que estamos a valorar o validez e/ou efectividade do novo formato dixital.

## 2.- Programa “En familia, todxs contan”

### **Poboación obxectivo:**

Programa dirixido a familias desestruturadas do barrio de Teis, con cuxos/as fillos/as estase a traballar noutros programas da entidade (véxase “actívate xogando”). Poden, igualmente, participar no programa familias que sexan usuarias dos servizos sociais, presenten dificultades de inserción laboral, familias monoparentais/monomarentais, que presenten un problema de adicción nun ou nos dous membros da parella ou sufran outros desaxustes (habida conta de que están a aumentar as condutas **disruptivas** –que supoñen un risco cara aos consumos- en familias “normalizadas”). **650 familias (nais/pais) aprox.**

Poboación mediadora: Traballadoras sociais, educadoras/es e psicólogas/os dos recursos sociais que actúan no territorio.

### **Actividades, metodoloxía e contidos:**

---

#### **“Asesoramento e orientación socioeducativa á familia”**

---

Pártese dos principios metodolóxicos xerais do Proxecto.

Desenvolvéronse obradoiros en función das necesidades das familias destinatarias.

Realizáronse sesións grupais e intervencións individuais (según necesidades e características das familias) de hora e media de duración (aprox), atendendo a diversidade, xa que as características de cada nai/pai e/ou familias, determinaron o número final de intervencións. Nestas sesións exploráronse os seguintes aspectos:

- Avaliación do sistema familiar (condutas-problema, interaccións e procesos de comunicación pais/nais-fillos/as).
- Motivación para o cambio.
- Estilo de supervisión.
- Como actúan as nais e pais e o seu proxecto educativo.

Tratouse de asesorar, orientar e entrenar en habilidades para adquisición de ferramentas e competencias educativas: Normas e límites na convivencia familiar; o uso das novas tecnoloxías; prevención do consumo en xeral; asesoramento e incremento dos recursos familiares para minimizar as situacións de risco; Mellora das habilidades educativas; Educación de pais e nais na prevención, tanto de condutas de risco coma en condutas non saudables; Entrenamento de habilidades que faciliten a resolución-solución pacífica de conflitos dentro da familia e a comunicación como canle imprescindible de prevención.

### **AVALIACIÓN do programa:**

**Poboación destinataria real: 65**

**Non houbo cambios nen incidencias sobre o planificado.**

### **AVALIACIÓN CUANTITATIVA:**

- .-Nº nen@s/moz@s participantes: 22
- .-Nº familias participantes: 19
- .- nº profesionais implicados/as: 24

### **.-obxectivos alcanzados:**

- Axudar á propia dinámica familiar: Conseguido de maneira óptima.
- Diminuír a manifestación de condutas desadaptativas e/ou disruptivas a nivel familiar nos e nas menores. Conseguido de maneira satisfactoria.
- Reforzar e estimular as capacidades e potencialidades do/a menor, co obxectivo de iniciar un proceso de mellora e crecemento individual e como consecuencia tamén familiar. Conseguido de maneira óptima no caso d@s menores e de maneira satisfactoria nas familias.

### **CONCLUSIÓNS**

O propiciar unha relación de confianza que serve de referencia para todas as persoas que participan na actividade familias, rapaces e rapazas, educadoras de referencia e o propio PCT.

A realización de actividades complementarias a través de Activa (obradoiros, saídas ao entorno próximo, saída a Balaídos, á Aldán...) porque supoñen un forte elemento motivador para as familias que participan no programa xa que fidelizan a súa confianza nas consecuencias positivas de atender as pautas trasladadas nas xuntanzas (individuais e/ou grupais do asesoramento). Cara a fortalecer a interiorización das aprendizaxes incrementouse o contacto directo e acompañamento na reconducións das disfuncións das dinámicas familiares, insistindo na importancia de supervisión adulta, como a mellor opción para que a menor que poida afastarse do entorno de risco atendendo con inmediatez os conflitos que poieran xurdir nos cambios nas dinámicas familiares, cambios nos intereses de ocio, comportamentos retantes negativistas de algún deles, as conversas a través das redes sociais (agresividade verbal...).

O traballo coas familias deuse dunha maneira máis individualizada con múltiples titorías individuais, atendendo tanto a incidentes puntuais como a evolución de cada neno/a participante no ACTIVA de maneira continuada.

En algúns casos as familias integraron tamén o grupo do programa "entre tod@s" dadas as dificultades á hora de reconducir condutas pouco saudables e mesmo aditivas (Ver programa "entre todxs")

### **3.- Programa “Entre todxs”**

#### ***Poboación obxectivo***

Programa dirixido a familias cos/as fillos/as adolescentes que manteñen consumos de distintas drogas e/ou a familias desestructuras do barrio de Teis, con cuxos/as fillos/as estase a traballar noutros programas da entidade (véxase dentro deste proxecto: “Non pasa nada, pasa algo” e “actívate xogando”) e tamén a mocidade doutros programas financiados pola Consellaría de benestar da Xunta de Galiza: “Apunto Teis” ou polo Concello de Vigo: “Ludopam-Teis”: 45 familias (nais/país/fillos/as) aprox.

#### ***Actividades, metodoloxía e contidos:***

Realizaráanse cinco **sesións/intervencións** de 90 minutos cada unha, durante tres meses con cada familia. Poderanse realizar axustes en función das familias derivadas, podendo cambiar a duración e/ou estrutura das sesión.

O traballo desenvólvese nun formato de entrevista/diálogo na que se realizaron:

- **Traballo cos/as adolescentes.** Analizando a súa situación, as súas inquietanzas e centrándose nos seus comportamentos e nas consecuencias que estes teñen.
- **Traballo coas familias.** Fomentando o apoio aos fillos e fillas, e modificando aquelas estruturas e prácticas da convivencia que dificultan o achegamento a solucións satisfactorias para todos/as. Inclúe, ademáis intervencións na contorna familiar xa sexa en situacións de crise ou para apoiar a adquisición de habilidades.

O **Traballo conxunto con adolescentes e pais/ nais**, está a se aprazar ata que existan bases suficientes que sustenten a súa evolución exitosa.

Os **contidos** tratados nas intervencións foron:

- Traballo educativo cos/as adolescentes e coa familia.
- Adestramento en habilidades de xestión familiar.
- Ensaio de condutas.
- Práctica de habilidades e Intervencións educativas de apoio.

### ***AVALIACIÓN do programa:***

**Poboación destinataria real:** 65

#### **AVALIACIÓN CUANTITATIVA**

- .- Nº adolescentes participantes: 45
- .- nº de familias participantes: 40
- .- nº de profesionais participantes: 15

#### **AVALIACIÓN CUALITATIVA**

- .-Grao de implicación d@s adolescentes participantes: Medio
- .- grao de implicación das familias: Medio
- .- grao de implicación d@s profesionais implicados: Alto
- .-Grao de satisfacción de tod@s @s axentes implicados: Medio

### **CONCLUSIÓNS**

A evolución deste programa foi moi complexo dadas as especiais características sociofamiliares (consumos abusivos a nivel familiar e d@s menores, abuso do uso das redes sociais, abuso de videoxogos...) e mesmo febles lazos familiares e escasa vinculación Familia-menor. Pese a todo conseguíronse numerosos avances na comprensión/percepción sobre a importancia de recoñecer o problema do consumo como primeiro paso cara a reconducir as situacións problemáticas que se estaban a dar e algún d@s menores remataron o programa asistindo ao centro de menores Alborada cara a poder reconducir os posibles problemas de adicións de maneira individual.

A complexidade foi maior, e aumentaron as dificultades do trato directo coas familias, naqueles casos nos que interviron numerosos axentes sociais (educadores/as familiares, psicólogos/as, gabinetes psicopedagoxicos, etc...).

Algunha das familias, participaron previamente no programa "en familia tod@s contan".

## c) Programas no ámbito xuvenil e de ocio

### 1.- Programa “Activa”

#### **Poboación obxectivo:**

Poboación final: mozos e mozas de idades comprendidas entre os 6 e os 29 anos. O noso programa abrangue 2 franxas de idade: nenas e nenos de 6 a 12 anos (“Actívate xogando”) e de 13 a 29 anos (“Actívate colaborando”) que viven e/ou estudian no barrio e que pertencen a familias desestruturadas e/ou con problemas derivados da adicción a sustancias: 7.400 nenas e nenos/mozos e mozas de 6 a 29 anos (aprox).

Poboación mediadora: o programa “Activa” desenvólvese a través da participación indispensable de axentes mediadores “comité interanpas” (175) e “mediadores sociais” (40), que asumirán o liderado da maior parte das actividades.

#### **Actividades, metodoloxía e contidos:**

---

#### **“Actívate xogando” “Actívate colaborando”**

---

Desenvolveranse actividades lúdicas e de ocio alternativo, educativas e de colaboración responsable.

Durante estes anos creouse un grupo de coordinación do programa no barrio (en colaboración e coordinación cos mediadores sociais e o Comité interanpas, club ciclista Teis e Club de Remo Virxe da Guía e asociación de comerciantes Zona Teis).

Realizarase, por parte dos integrantes do grupo de coordinación, o deseño e o liderado das actividades saudables a desenvolver.

A unidade de prevención encargouse da difusión das actividades informativas, de sensibilización e de ocio programadas; difusión de mensaxes preventivas entre iguais; información e promoción de actividades de ocio saudables. A creación e/ou consolidación, según os casos, dun espazo de apoio e derivación de rapaces/as en situacións especiais e/ou con condutas pouco saudables, detectadas por profesionais do barrio e servizos colaboradores; potenciando a integración e interacción destes/as rapaces/as na súa contorna (Teis). Achegamento da mocidade á natureza de xeito lúdico, educando no tempo libre e de ocio. O establecemento dun espazo de xogo e interacción social e un servizo de atención controlada aos e ás máis cativas, creando ambientes de participación e diversión alternativos e incompatibles con hábitos de consumo.

Estes contidos foron igualmente válidos para a actividade “actívate colaborando”, onde ademais se propiciou a participación social e comunitaria de mozas e mozos, servindo de plataforma de captación de posibles mediadores/as xuvenís.

#### **AVALIACIÓN do programa:**

**Poboación destinataria real:** 815

**Non houbo cambios nen incidencias sobre o planificado.**

#### **AVALIACIÓN CUANTITATIVA:**

.-Nº nen@s e moz@s participantes: 370

.-Nº familiares participantes: 410 (aprox.)

.-Nº de mediadores/as implicados/as: 35 (de anpas e colectivos)

- .-Nº anpas implicadas: 5
- .-Nº centros educativos implicados: 5
- .-Nº de recursos implicados: 8 (7 colectivos)
- .-Nº actividades realizadas: 7

### **AVALIACIÓN CUALITATIVA:**

- .-Grao de consecución de obxectivos: Alto
- .-Grao de modificación de actitudes: Medio-Alto
- .-Grao de satisfacción dos/as participantes: Alto
- .-Grao de satisfacción dos e das mediadoras implicadas: Alto
- .- Grao de implicación d@s participantes: Alto
- .- Grao de satisfaccións coas actividades programadas: Alto
- .-Grao de satisfacción coa metodoloxía e a coordinación: Moi Alto

### **CONCLUSIONES**

O nivel de participación este ano, superou as expectativas en todos os sentidos realizando ademais numerosas actividades, que noutros anos non se poderan realizar:

- Festas en datas sinaladas: chocolatada antes das vacacións nadal, Entroido con merendola, cumpreanos felices, fin de programa con merendola saudable,...
- Saídas: ao entorno próximo; parque do barrio das Flores, instalacións deportivas do IES ROU, parque de agrupación San Pablo, pozo comunal de Gondesende, CEIP Paraixal a fútbol Gaélico, actuación musical,...
- Actividades comunitarias en colaboración cos comités: Adorno árbores do barrio no Nadal, Magosto comunitario, Olimpíadas Interánpicas, Maios.
- Fóra do barrio; Balaídos (partido de fútbol) e Aldán (vacacións saudables).

Na planificación das saídas, requírese un maior coñecemento do grupo e de como interactúa fóra do seu espazo habitual, polo que as saídas que se realizaron ao principio do programa, reducíronse ao contorno máis próximo (visitas ao parque do barrio das Flores e o IES ROU), o que facilitou a aprendizaxe xeral de normas básicas de convivencia, seguridade, e comportamento nun medio aberto. Estas accións tiñan coma finalidade facilitar futuras propostas de ocio saudable e así trasladar os hábitos adquiridos á súa realidade diaria máis próxima.

Realizáronse ademais da difusión de mensaxes preventivas entre iguais; información e promoción de actividades de ocio saudables, procurando o achegamento da mocidade á natureza e ao exercicio físico de xeito lúdico, educando no tempo libre e de ocio. Durante todo este tempo (máis de 6 anos de programa) conseguíuse establecer un espazo de xogo e interacción social e un servizo de atención controlada, creando ambientes de participación e diversión alternativos e libres de consumo. Destacar que a labor d@s mediador@s, Comité interanpas e comité de colectivos foi imprescindible para o éxito do programa así coma para a difusión do mesmo cara a conseguir que cada vez aumente o número de participantes e sobre todo de mocidade e nen@s.

Comezamos tamén a realizar acompañamentos na integración de actividades lúdicas normalizadas naqueles casos que o precisaron.

## **d) Programas complementarios**

### **1.- Programa de “Información-Sensibilización”**

#### ***Poboación obxectivo:***

Programa dirixido á poboación xeral (298.300 en Vigo -case o 10% no noso barrio-) e en xeral a toda a sociedade que faga uso da nosa páxina web, facebook e/ou Chío.


### **Actividades, metodoloxía e contidos:**

Realizáronse asembleas, xuntanzas, visitas de coordinación e seguimento dos programas preventivos e promotoras da dinamización social.

Inclúense os contidos dos programas nas redes sociais e na nosa “**páxina web**”, cara a conseguir un maior afondamento na información e difusión de programas preventivos que se están a desenvolver no noso territorio e área de influencia.

Na páxina de inicio xa aparece o avance de programas de drogodependencias e unha relación de documentos e enlaces destacados para a súa visualización. Ademais, unha vez no interior da páxina, seguindo o mapa de búsqueda, están detallados os diferentes programas preventivos que se levan a cabo, xunto con diferentes enlaces aos distintos recursos que traballan no territorio e que se relacionan coa nosa entidade para a realización do proxecto de prevención de condutas adictivas. Tamén se compartiu a información no facebook e chío da entidade.

Seguimos a traballar, tamén, nun **mapa interactivo** no que se poderán ubicar cada un dos programas e recursos para a prevención da drogodependencia existentes na cidade.



Exemplo do traballo iniciado, base para datos do programa “facendo barrio”

### **AVALIACIÓN do programa:**

**Poboación destinataria real:** 21000

#### **AVALIACIÓN CUANTITATIVA:**

O total de entradas a páxina Web, unha vez desbotadas aquelas que teñen que ver co mantemento e actualización de contidos é de:

- .- 3077 páxina inial na que aparece información e difusión sobre a carteira servizos de prevención da Consellaría de Sanidade e actividades dentro do PLSDA do Concello de Vigo.
- .- 528 entradas directas ao proxecto de Prevención de drogodependencias e condutas adictivas ou a algúns dos programas incluídos no proxecto: Escolas de nais e Pais, Saúde na escola, Comisións, Comités, Ocio alternativo, Obradoiros de Natureza...
- .- 275 diagnose/territorio/actividades preventivas.

#### **CONCLUSIÓNS:**

Tanto no Facebook como no Chío e Instagram realizouse difusión de actividades, mesmo en directo tentando que chegará ao maior número posible de persoas. Nos últimos meses aumentou considerablemente o número de persoas que interactúan con nós a través das redes sociais e da nosa páxina web.

As persoas que visitan a nosa páxina web teñen moi claras as súas demandas cara a coñecer o proxecto e programas que desenvolvemos, permanecendo un tempo suficiente na páxina para poder afondar nos seus intereses.

O facebook e o Instagram permitíronnos interactuar coas persoas destinatarias de maneira casi inmediata e actuaron, tamén como instrumento de valoración sobre o impacto/satisfacción das diferentes actividades realizadas. O chío tivo menos interaccións, polo que teremos que mellorar a maneira de comunicarnos nel.

## 2. - Programa de “Formación Mediadores/as Sociais”

### **Poboación obxectivo:**

Programa dirixido as ANPAS dos centros educativos do barrio de Teis: 10 anpas e monitores/as, integradores/as e animadores/as socioculturais en prácticas ou contratados.

### **Actividades, metodoloxía e contidos:**

#### **"Comité interanpas" e "Formación de monitor@s e animador@s socioculturais"**

Desenvolvéronse actividades de coordinación, debates, foros e propostas de contidos e actividades de formación e mediación

Realizáronse xuntanzas/sesiós formativas e informativas tendentes a:

- Establecer canles de comunicación e diálogo entre as anpas, a comunidade educativa e a comunidade en xeral.
- Asesorar, Informar e formar as anpas e monitores/as e animadores/as socioculturais en prácticas ou contratados/as.
- Implicar aos axentes sociais na prevención.
- Potenciar tanto a anpas como monitores/as e animadores/as socioculturais en prácticas ou contratados/as, como mediadores/as naturais de prevención e fomento de estilos de vida saudable.
- Implicar @s mediador@s na execución de actividades dentro do programa “Activa”.

### **AVALIACIÓN do programa:**

**Poboación destinataria real:** 180

#### **AVALIACIÓN CUANTITATIVA:**

- .- Nª de persoas participantes: 180
- .- Nº de Anpas implicadas: 7.
- .- Nº de mozos/as implicados/as: 55
- .- Nª accións (xuntanzas, sesiós informativas, debates...) realizadas: 12 (aprox).

#### **AVALIACIÓN CUALITATIVA:**

- .- grao satisfacción co proceso: Alto
- .- grao satisfacción coas propostas: Alto
- .- grao de satisfacción cos contidos: Alto
- .- grao de consecución de obxectivos: Alto

### **CONCLUSIÓNS:**

As novas incorporacións de xente nova ao comité de colectivos e ao Comité interanpas, permitiú traballar con el@s a metodoloxía para acadar a mediación preventiva. Estanse a asentar novas bases de interacción acadando unha concienciación, cada vez máis arraigada no funcionamento destes comités como espazos de formación en mediadores naturais, actuando xa moit@s dos seus participantes na súa contorna máis próxima con importantes iniciativas (nas actividades lúdicas, no entorno educativo, nas familias.). Gran parte do éxito de algúns dos nosos programas depende da actuación directa dest@s mediador@s informados/formados. (Activa, en familia tod@s contan, Facendo barrio...)

### 3. – Obradoiros socioeducativos nas aulas a través da natureza (ámbito escolar)

#### **Poboación obxectivo:**

Programa dirixido ao alumnado de infantil, primaria ESO/FP básica dos centros educativos do barrio: 6.654 alumnos/as (aprox.).

Poboación mediadora: profesorado e integrantes dos colectivos mediambientais e deportivos.

#### **Obxectivo xeral:**

- Influír sobre os hábitos de vida e valores de respecto e autocoidado a través da natureza, promovendo mecanismos de participación en defensa do medio ambiente como fonte de saúde.

#### **Actividades, metodoloxía e contidos:**

Os contidos das actividades impartíronse en colaboración e coordinación co departamento de orientación e o profesorado de cada centro educativo, e co/as integrantes dos colectivos que colaboran no proxecto, tentando adaptar o programa ás necesidades tanto dos centros como dos ciclos educativos en que se impartiron.

Desenvolvéronse actividades de fomento de valores de respecto e autocoidado a través do respecto e coidado da natureza, actividades de motivación para o exercicio físico e o contacto coa natureza como alternativa de ocio saudable. O programa inclúe 2 actividades diferenciadas:

- **Obradoiros nas aulas:** realización de 1-2 obradoiros (segundo sexa en infantil/primaria ou na ESO/FP) e fichas elaboradas pola Unidade de prevención do Plan Comunitario de Teis sobre os contidos que se desenvolven nos obradoiros para que poidan ser traballadas cos e cas mestras en diferentes momentos do ano escolar. Trátáronse contidos que poñan en valor a natureza, desde o entorno máis cercano (A Madroa e o Litoral de Teis), como alternativa ao sedentarismo e como ocio alternativo e saudable, a máis de fomentar valores de respecto e autocoidado, todos eles minimizadores e/ou incompatibles cos consumos de drogas.
- **Saídas:** ao Monte da Madroa; e á praias, se for o caso. Dando a coñecer o monte da Madroa e/ou as praias e o seu valor ecolóxico, tentando amosar a natureza coma un lugar de esparcemento físico e mental. Ademais, coas saídas facilitarase a cohesión grupal e a participación activa (como factores protectores ante o consumo) de alumnos e alumnas que realicen a actividade a aprendizaxe mútua de todos os colectivos implicados.

#### **AVALIACIÓN do programa:**

**Poboación destinataria real:** 135

**Houbo algún cambio sobre o planificado,** xa que as saídas planificáronse un pouco máis tarde do previsto de tal xeito que só se lle pudo ofertar a 2 dos institutos do barrio, dada a complexidade da coordinación nos centros nos que houbo cambios no departamento de orientación que este ano coincidentemente foron 5 no noso ámbito de actuación.



**AVALIACIÓN CUANTITATIVA:**

- .-Nº de centros escolares participantes: 2
- .- Nº de nenas e nenos participantes: 120
- .- Nº de profesionais implicados: 12
- .- Nº colectivos implicados: 2
- .- Nº sesións/saídas realizadas: 4 (2 sesións/2 saídas)

**AVALIACIÓN CUALITATIVA:**

- .-Grao de adquisición de contidos: alto
- .-Grao de participación dos centros: 2 de 2 ofertados
- .-Grao de satisfacción da poboación participante e dos profesionais e colectivos implicados: moi alta.

**CONCLUSIONES.**

A importancia de que a comunidade comprenda a complexa natureza do medio ambiente (resultado da interacción dos seus diferentes aspectos: físicos, biolóxicos, sociais, culturais, económicos...), é unha evidencia; polo tanto faise imprescindible que a comunidade adquira os coñecementos, os valores, e as habilidades prácticas necesarias para participar responsable e eficazmente na prevención e solución dos problemas ambientais e na xestión da calidade do medio ambiente como elemento determinante dunha vida saudable.

Por outra banda, a concienciación e a educación en valores medioambientais nos e nas alumnas, favorecerá a creación dos pilares básicos para o desenvolvemento e a práctica de estilos de vida saudables e da mellora da relación da comunidade coa súa contorna.

A pesares das incidencias, a consolidación destes obradoiros como programa de carácter propio resultou moi positiva, chegando a realizar unha actividade familiar cunha estrutura similar, que se realizou de maneira transversal cos programas "activa" e "en familia tod@s contan", a proposta da Comunidade de montes e en coordinación co comité interanpas. Feito que compensou e equilibrou a participación dos ciclos de infantil e primaria.

**4. – Obradoiros de prevención Afectivo- sexual (ámbito escolar)*****Poboación obxectivo***

Programa dirixido ao alumnado de ESO/FP básica e Bacharelato dos centros educativos do barrio: 3.720 alumnos/as (aprox).

Poboación mediadora: departamento de orientación, profesorado e persoal sanitario (matrona e enfermeiras comunitarias).

***Finalidade, metas e obxectivos do Programa:***

A finalidade deste programa é complementar o PPCDE, promovendo a adopción de estilos de vida sexual saudables entre a poboación escolar, actuando sobre os factores que inflúen no inicio precoz da vida sexual: presión de pares, falta de control sobre a situación, baixa autoestima, desinformación...Potenciando diversos **factores de protección**: coidado do corpo e da saúde, participación en actividades sociais, practicar deporte, coñecer mensaxes preventivas de drogas, integración no barrio, participación en actividades preventivas, prevención de drogas na escola...e tentando reducir o impacto de determinados **factores de risco**:

- **Factores Persois:** insatisfacción persoal, sensación de non poder superar as dificultades, Sentimento de perda de confianza en si mesmo, baixa autoestima.
- **Factores Sociais:** dependencia do grupo, baixa tolerancia social ante a diversidade, a non participación social...

**Obxectivos xerais:**

- Informar e educar nunha vida afectivo-sexual segura e saudable.
- Desmontar mitos e crenzas sobre os consumos de sustancias desinhibidoras nas relacións sexuais.
- Reducir e/ou eliminar o consumo de sustancias como instrumento de desinhibición.
- Fomentar a igualdade, a autoestima e o respecto nas relacións afectivo-sexuais, desde o respecto á diversidade.
- Potenciar o achegamento entre comunidade educativa-comunidade sanitaria cara ao desenvolvemento de proxectos preventivos.

**Obxectivos específicos:**

- Reformular conceptos como sexualidade e afectividade e identidade de xénero.
- Previr riscos de embarazos non desexados/planificados e ETS nas relacións sexuais.
- Desbotar prexuízos e falsos mitos na sexualidade e na súa relación co consumo de drogas (legais e ilegais), incidindo nos hábitos de consumo.
- Facilitar a construción de identidades (sexuais e/ou de xénero) desde o respecto á diversidade, desbotando condutas esterotipadas.

**Actividades, metodoloxía e contidos:**

Os contidos das actividades impártense en colaboración e coordinación co departamento de orientación e o profesorado de cada centro educativo e co persoal sanitario colaborador. Desenvolvéronse actividades que permiten unha análise e reflexión sobre a importancia dos vínculos afectivos nas interrelacións sociais e sexuais, así coma na construción da identidade, a presión do grupo.... Introducendo información para desmontar mitos e crenzas sobre a incidencia das drogas no establecemento de relacións sexuais.

Realizáronse **obradoiros** nas aulas. Cada obradoiro constou de 3 sesións de 50 minutos de duración, cun espazo de 1 semana entre cada unha delas.

**AVALIACIÓN do programa:**

**Poboación destinataria real:** 243

**AVALIACIÓN CUANTITATIVA:**

- .-Nº de centros escolares participaron no programa: 1
- .-Nº de nenas e nenos participantes no programa: 231
- .-Nº de profesionais implicados no programa: 12

**AVALIACIÓN CUALITATIVA**

- .-Grao de participación dos centros: Medio
- .-Grao de satisfacción dos profesionais implicados: Moi alto
- .-Grao de satisfacción de alumnos e alumnas participantes: Medio-Alto

**CONCLUSIÓNS:**

A crecente preocupación pola educación afectivo- sexual na adolescencia, é compartida polas comunidades educativa e sanitaria do barrio. Nos últimos anos incrementouse a demanda de obradoiros deste tipo, dadas as idades cada vez máis precoces nas que se producen actitudes e comportamentos sexuais pouco saudables, que rematan, cando menos en embarazos non desexados/planificados e co risco que implica en canto a transmisión de ETS que poderían estar sen diagnosticar. A cada vez maior implicación do persoal sanitario do centro de saúde de Teis -que colabora coa unidade de prevención, neste e noutros dos programas preventivos-, deulle sentido á maior entidade que foi tomando unha actividade que, inicialmente impartíase dentro do programa PPCDE e que neste momento conformase como programa independente. A máis, tal e coma xa se avanzaba na memoria 2016, en cada época van aparecendo novas necesidades que, o contacto directo e continuado cos diferentes recursos, nos permite recoller

e atender. No último ano apareceron novas preocupacións que se centraron nos conflitos que se estaban a dar en relación á construción das identidades de sexo e xénero, e que está a ter especial incidencia nos e nas adolescentes dalgún dos centros educativos.

A adolescencia é unha etapa na que a sexualidade (entendida no sentido amplo que se detalla nos párrafos que preceden) está influenciada por multitude de factores que aumentan a falta de control sobre as situacións e polo tanto de desprotección ante situacións de risco, máis aínda se sumamos o consumo de sustancias (alcohol e outras drogas) que aumentan exponencialmente esa falta de planificación e control.

Pese a verse reducida a participación de institutos que viñan facendo en anos anteriores (IES A Guía-IES Teis) non se reduciu o nº de alunado xa que aumentaron os cursos nos que demandaron as sesións ao introducir contidos sobre identidade de Xénero, de tal xeito que se produciu unha maior intensidade na intervención que haberá que ter en conta á hora de organizar o próximo ano (cando xa estean otorgadas as prazas definitivas do departamento de orientación nos centros) tendo en conta que a conformación de identidades (entre ela a de xénero) vai cobrando importancia como factor de risco tanto na posibilidade de consumos coma na vida afectivo-sexual saudable.

A colaboración da matrona do Centro de saúde de Teis consolida o achegamento d@s adolescentes participantes aos recursos sanitarios de maneira normalizada, xa que foi quen de chegar os contidos de maneira moi cercana e distendida, creando un importante feedback na comunicación.

## 5. – Facendo Barrio: (prevención ambiental e estrutural. Ámbito comunitario)

### **Poboación obxectivo**

Programa dirixido á poboación xeral: 28.279 habitantes

### **Obxectivos Xerais:**

- Propiciar a organización e estruturación da comunidade como factor de protección fronte ao uso e abuso de sustancias.
- Fomentar o establecemento dunha rede estruturada de traballo que permita unha mellor resolución de situacións conflictivas derivadas do uso e abuso de sustancias.
- Identificar e valorar os obstáculos e as potencialidades comunitarias.
- Dinamizar o tecido asociativo e a participación social; favorecer o intercambio de información entre recursos de maneira regular e sistemática e a colaboración/coparticipación dos diferentes recursos nun proxecto común.
- Elaborar programas comunitarios en todo o territorio de intervención.
- Consolidar un espazo permanente de encontro e diálogo e promover a formación e o intercambio de experiencias entre os profesionais dos diferentes recursos que interveñen no territorio de Teis.

### **Actividades, metodoloxía e contidos:**

A participación conviétese na principal garantía de calidade. Realizáronse asembleas, xuntanzas, mesas de traballo, visitas de coordinación e seguimento dos programas preventivos e promotoras da dinamización social. A **incorporación** das comisións de traballo na **estrutura organizativa da Entidade** fomenta a coordinación entre entidades e facilita a súa participación nas distintas accións comunitarias.

## **AVALIACIÓN do programa:**

**Poboación destinataria real:** 18000

### **AVALIACIÓN CUANTITATIVA**

- .- Nº de colectivos/recursos/servizos/entidades/ axentes sociais participantes (en relación co total dos presentes no barrio): Total: 38 de 51 (75% dos recursos e axentes sociais existentes no barrio)
- .- RR.SS e Sociosanitarios: 9 de 11 (83%)
- .-Anpas: 7 de 9 (82%)
- .-C. Educativos: 12 de 15 (80%)
- .-Colectivos/axentes sociais: 10 de 16 (65%)
- .-Nº xuntanzas realizadas: 47
- .-Comité Interanpas: 15
- .-Comité Técnico: 20
- .-Comité de colectivos: 12
- .- Nº de actividades comunitarias preventivas realizadas: 10
- .- Nº de actividades novas realizadas (en relación co total de actividades comunitarias): 5

### **AVALIACIÓN CUALITATIVA:**

- .- % participación: Alto
- .- Grao consecución obxectivos: Alto
- .- Grao de satisfacción coa calidade do proceso: Alto
- .- Grao satisfacción coas sinerxías entre colectivos e persoas participantes: Medio-alto

### **CONCLUSIONES:**

pódese mellorar a saúde cambiando as condicións de vida das persoas: a súa educación, as súas relacións sociais, a súa contorna. A Unidade de Prevención do Plan Comunitario actúa, desde a súa creación, coma canal vertebrador das demandas e inxerencias, para a coordinación efectiva das diferentes iniciativas que atinxen á saúde comunitaria, á prevención en xeral e á prevención de condutas adictivas en particular. De tal xeito que se convertiu nun factor de protección esencial ante posibles riscos e/ou problemáticas derivadas do consumo e/ou abuso de sustancias, creando un entorno preventivo que asenta as intervencións nas propias forzas e recursos da comunidade organizándoas, coordinándoas, optimizándoas e mobilizándoas na búsqueda de estratexias innovadoras e imaxinativas que permitan alternativas viables de transformación (mellorando as condicións de vida das persoas: a súa educación, as súas relacións sociais, a súa contorna), nas que a comunidade é a principal fonte de resolución dos seus propios problemas-de saúde- se se organiza e fortalece o seu propio desenvolvemento.

Neste ano conseguiuase a consolidación de sinerxias que fortaleceron o traballo comunitario e en rede.

Con este programa (que é base e eixe sobre o que se sostentan todos os demais) tod@s (recursos, colectivos, profesionais, poboación xeral) toman conciencia da importancia de ser participantes de maneira proactiva na mellora do barrio para que sexa un espazo cada vez máis saudable. Como exemplo todas as actividades que se desenvolven dentro dos programas preventivos "activa" "En familia todos contan" "formación de mediadores" "información/ difusión"- creándose grupos de wass nos diferentes "comités" cara a que a información e o consenso na toma de decisións fora real e bidireccional...)

Mantivéronse e cumpríronse os criterios de calidade no proceso de PARTICIPACIÓN e COORDINACIÓN de todos/as os/as axentes implicados/as (profesionais, servizos, recursos, familias, administración...), como garantía de efectividade e eficiencia. Isto permitiu, por unha parte adecuar as accións aos fins e obxectivos do programa e, por outra a optimización dos recursos utilizandoos correcta, coordinada e equilibradamente. A avaliación continua e informada (tanto do proceso coma das actividades) utilizouse como fórmula de mellora continúa.

## PROGRAMA LUDOPAM TEIS 17-18

O programa **LudopamTeis´17**, comezou a súa actividade, no mes de outubro de 2017. O programa cotinuou cunha estruturación que permitira seguir as liñas definitorias das súas actuacións. Polo que, no ano escolar 2017-18, seguíronse as decisións organizativas abordadas con anterioridade. Entre elas:

- ❖ As derivacións producíronse a través das traballadoras/es sociais de atención primaria do concello de Vigo.
- ❖ Preferencia, para participares no programa, dos/as nenos/as que participaron no programa en edicións anteriores, buscando unha evolución a medio prazo cun seguimento continuado dos casos.
- ❖ Os/as rapaces/as podían asistir ao programa preferentemente todos os días de luns a venres, ou como mínimo dous días por semana, respetando as posibles actividades lúdico-educativas-deportivas complementarias. Os días de asistencia consensuáronse coas familias e quedaron estipulados no momento da inscrición.
- ❖ A formación de dous subgrupos específicos de traballo (Vacalouras, Píntegas-ESO) que se corresponderon coas dúas educadoras de referencia.
- ❖ Tamén, seguindo a mesma liña que anos anteriores, a actividade dividiuse nunha primeira parte, destinada ao traballo en pequeno grupo onde se realizaron as tarefas escolares e o apoio educativo individualizado; e nunha segunda parte, adicada a realización de dinámicas e actividades de ocio reforzadas pola disposición en gran grupo.

Unha edición máis, despois do traballo realizado, é tempo para a análise, e as presentes aproximacións son un necesario exercicio de reflexión conxunta, que permite recoller as diversas accións realizadas ata o momento.

## DESTINATARIOS/AS

### Perfil dos/as destinatarios/as

O programa contempla múltiples participantes segundo a súa natureza e o grao de implicación no proxecto. Deste xeito, podemos delimitar dúas tipoloxías:

#### Destinatarios/as Indirectos/as:

Os/as destinatarios/as foron potencialmente todos os/as rapaces e rapazas do barrio de 6 a 12 anos, e máis concretamente todos/as aqueles/as fan uso dos servizos sociais presentes en Teis e acuden aos centros educativos públicos do barrio ou, e por extensión as súas familias e a comunidade en xeral.

Isto é posible grazas á estreita colaboración das traballadoras/es sociais e educadoras/es familiares da zona e cos colexios, e á implicación dos/as orientadores/as e da comunidade educativa en xeral.

#### Destinatarios/as Directos/as:

Os/as destinatarios/as directos/as foron 22 rapaces e rapazas (das 27 derivacións consensuadas), que foron seleccionados/as nun proceso de derivación e priorización conxunto entre atención

primaria e as responsables do programa, contando coa inestimable colaboración dos centros educativos que aportaron información sobre os casos, así coma no caso de intervención familiar coas educadoras familiares de referencia.

A calidade acadada, durante estes anos, nas priorizacións das prazas dispoñibles implicou que as derivacións, tanto ao inicio como ao longo do programa fora previamente traballada por cada unha das profesionais que derivaban.

O bo traballo de derivacións e posterior priorización de prazas, favoreceu que as incorporacións déranse por pechadas case con totalidade no inicio do programa (salvo no caso de dúas das novas incorporacións, que se incorporaron xa comezando), sen extenderse no tempo e facilitando os ritmos de traballo e adquisición de rutinas e hábitos en grupo sen as alteracións que provocan as incorporacións tardías.

O número total das prazas ofertadas completáronse coas derivacións de atención primaria e do equipo de infancia e familia do concello de Vigo. Algúns dos casos derivados desde os centros educativos non poideron ser atendidos, aínda que en moitas das prazas priorizadas coincidían na demanda das mesmas familias cós servizos sociais.

O grupo conformouse con 15 participantes inscritos/as desde a pasada edición e 7 novas incorporacións.

A continuación, inclúense os datos referentes ás características dos/das asistentes para facilitar a súa análise posterior.

En relación a cuestións específicas, como a idade, a distribución por sexo e o país de procedencia, o grupo presentou a seguinte distribución:

IDADE	Nº DE PARTICIPANTES		
	Nenas	Nenos	Total
6 anos	1	1	2
7 anos	1	0	1
8 anos	1	3	4
9 anos	0	4	4
10 anos	2	1	3
11 anos	0	1	1
12 anos	1	1	2
+12 anos	1	4	5
<b>TOTAL</b>	<b>7</b>	<b>15</b>	<b>22</b>

Táboa 1: Idade dos/as participantes desagregada por sexos. Elaboración propia 2018.




Gráfico 2 - 3: Desagregación por sexo e por país de procedencia. Elaboración propia 2018.

O proceso de derivación seguido, foi común para todos os servizos de referencia. Os servizos sociais de atención primaria do concello de Vigo, consensuaron o 100% das derivacións, foran iniciativa das súas traballadoras sociais ou do Programa de Intervención Familiar (en adiante, PIF), coincidindo ambos os recursos plenamente na priorización das prazas.

Seguidamente, achéganse os datos relativos á procedencia de ditas derivacións:




Gráfico4-5: Desagregación por procedencia das derivacións e Centros educativos. Elaboración propia 2018.

## Asistencia

Desde o principio do programa outórgaselle unha gran importancia á participación continuada como ferramenta fundamental para o traballo interdisciplinar.

Houbo dous grupos moi diferenciados en canto á asistencia; como en anteriores edicións cabería discernir entre aqueles/as nenos/as que asisten de luns a venres e aqueles/as que asisten días puntuais porque compaxinan outras actividades (becas de necesidades educativas especiais con asistencia a gabinetes psicopedagóxicos, actividades extraescolares, deportes,...). O grupo de rapaces/as que acuden todos os días de luns a venres, manteñen unha asistencia sólida e estable. Mentras os/as participantes con horarios e días de asistencia inestables, acusan esa inestabilidade con faltas de asistencia e/ou puntualidade.

Coma ven sendo habitual os aspectos sociofamiliares foron outro motivo, que incidiu negativamente na asistencia; inestabilidade de rutinas e horarios, cambios de vivenda e de persoas de referencia provocados por problemas familiares e/ou laborais...

Na distribución da asistencia por días, os martes e xoves mantéñense coma os de maior asistencia incluso por riba do número que se asumía na organización inicial. Coinciden cos días que nais dalgúns dos nenos acuden con horario complementario ao Ludopam, ao grupo de alfabetización para mulleres de orixe estranxeira promovido desde o propio PCT. Estruturouse deste xeito para favorecer a asistencia e acompañamento aos seus/súas fillos/as, así como a promoción da asunción de responsabilidades relativas ao coidado e atención aos/ás menores.

## ALTAS E BAIXAS:

Nesta edición **incorporáronse** 7 nov@s participantes: 3 nenas e 4 nenos.

**Causaron baixa:** 3 nenos (Un neno incorporado coma caso de atención urxente a finais da edición anterior, finalmente causou baixa no mes de xaneiro e outro menor no mes de abril; por incorporarse ambos, a centros de día asignados como consecuencia do estudo dos casos por

parte de Menores; un neno causou baixa en Maio por traslado de domicilio a outra comunidade autónoma).

## METODOLOXÍA

Con respecto á metodoloxía empregada para o desenvolvemento do programa, subliñar principalmente o seu carácter participativo e grupal. Na práctica, isto foise acadando fundamentalmente mediante o establecemento dunha relación de confianza cos nenos e nenas, só posible grazas ao traballo en equipa do día a día. Este feito propicia a atención personalizada e individualizada necesaria para unha intervención pedagóxica integral, que se adecúa ás características persoais e familiares dos/as participantes.

Desde a experiencia das pasadas edicións, para a posta en marcha do programa, enténdese que é preciso estruturar dous momentos diferenciados. Por unha banda, un tempo adicado a realización de tarefas de índole educativo-curricular e, por outra banda, o desenvolvemento de dinámicas e actividades lúdico-sociais.

Ademáis, para a realización das tarefas de apoio educativo precísase dunha distribución en pequenos grupos e en espazos diferenciados conforme ás idades, necesidades e peculiaridades de cada un dos e das participantes. Así estruturados, a cada un destes grupos correspóndelle unha educadora de referencia, responsable directa do seu grupo e da realización das accións establecidas cós nenos e nenas cara a consecución dos obxectivos específicos do programa. No tempo do cambio de actividade, compártese en gran grupo un único espazo, no que se merenda, se valora o comportamento e o traballo e se realizan as tarefas que aquelas e aqueles nenos teñan asignadas nesa semana.

En canto ás valoracións individuais e grupais, consideróuse convinte continuar empregando unha economía de fichas como instrumento de valoración conxunta dos e das participantes, favorecendo dun xeito visual certa estabilidade nas condutas grupais. Mantívose a estrutura e rutina das valoracións individuais e o semáforo avaliativo semanal.

Os contidos transversais a traballar están presentes na propia metodoloxía do proxecto que se corresponden na práctica con momentos específicos e diferenciados proxectados con anterioridade.

Con respecto ao proceso de avaliación sinalar que metodolóxicamente estase a desenvolver unha avaliación educativa sistemática, continua e procesual.

## ACTIVIDADES

As actividades desenvolvidas xiraron entorno a dúas áreas de actuación, empregando en todos os casos a lingua galega como lingua vehicular.

Na área de apoio escolar

- ❖ Tarefas escolares.
- ❖ Reforzo Adaptado.

Na área lúdico-educativo

- ✚ Estratexias e xogos que fomenten a educación en valores.
- ✚ Obradoiros de Habilidades Sociais.
- ✚ Dinámicas e xogos cooperativos.



- ✚ Xogos de promoción da igualdade.
- ✚ Estratexias e obradoiros que fomenten o uso do galego.
- ✚ Obradoiros Medioambientais: Coidado das prantas, control do uso da auga...
- ✚ Obradoiros de xogos populares.
- ✚ Obradoiros: Cartel na elaboración das normas, disfraces de entroido, Día das Letras Galegas,...
- ✚ Festas en datas sinaladas: chocolatada antes das vacacións nadal, Entroido con merendola, cumpreanos felices, fin de programa con merendola,...
- ✚ Saídas: ao entorno próximo; parque do barrio das Flores, instalacións deportivas do IES ROU, parque de agrupación San Pablo, pozo comunal de Gondesende, CEIP Paraixal,... Fóra do barrio; Balaídos e Aldán.

O desenvolvemento do programa, propicia a realización de dinámicas de diversa índole que pretenden acadar os seguintes obxectivos:

- Implementar valores transversais na socialización dos e das participantes.
- Interactuar co grupo de iguais evitando situacións conflitivas.
- Promocionar a igualdade entre nenos e nenas.
- Interiorizar a lingua galega dun xeito natural mediante unha actividade lúdica.

Unha vez acadado o ritmo necesario, o tempo adicado a parte lúdico-educativa, foi o contexto no que se puxeron en marcha as diferentes propostas de xogos en gran grupo, dinámicas, obradoiros, saídas...

Máis polo miúdo, os xogos en gran grupo estiveron condicionados, por unha banda polo tempo empregado cara a consecución dun progresivo crecemento e fortalecemento como grupo; por outra banda, polo tempo finalmente adicado a estas actividades.

En canto as dinámicas realizadas, mencionar que aínda que foi posible executar menos das previstas, as que si se lograron desenvolver encamiñáronse ao traballo dos contidos transversais do propio programa. As dinámicas clave nos primeiros meses foron aquelas relacionadas co establecemento de normas e límites, adquisición de hábitos, fomento do traballo en grupo.

Na planificación das saídas, requírese un maior coñecemento do grupo e de como interactúa fóra do seu espazo habitual, polo que as saídas que se realizaron ao principio do programa, reducíronse ao contorno máis próximo (visitas ao parque do barrio das Flores e o IES ROU), o que facilitou a aprendizaxe xeral de normas básicas de convivencia, seguridade, e comportamento nun medio aberto. Estas accións tiñan coma finalidade facilitar futuras propostas e así trasladar os hábitos adquiridos á súa realidade diaria máis próxima.

Ao longo de toda a edición, producíronse saídas á contorna máis próxima dentro do barrio; como premio semanal moitos venres, cando o tempo o permitiu, salíuse no tempo de merenda e de lecer ás instalacións deportivas do IES ROU, e aos parques infantís máis próximos ao Plan Comunitario de Teis.

Para finalizar o Ludopam 2017-18, o venres 22 de xuño realizouse unha saída con pernocta ata o día sábado 23 de xuño á localidade de Aldán.

## DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

Dado que o noso programa, é un programa de índole, socioeducativa, móvese continuamente no ámbito da coeducación, entendida como proceso intencionado de intervención a través do que se potencia o desenvolvemento de nenos e nenas, cara a un desenvolvemento persoal e unha construción social comúns.

Foi determinante, o feito de explicarlles, desde o principio mesmo, a importancia que teñen as normas de convivencia e das consecuencias negativas cando non se respectan. Para isto, como a cada inicio de edición, as normas foron consesuadas por todos e todas en grupo, e logo redactadas e escritas polos/as nenos/as, para selalas cunha pegada de mans, estando expostas no local durante todo o ano escolar. Deste xeito asumiron as normas como propias, facilitando a súa interiorización.

Os primeiros momentos do programa adicáronse, a establecer grupos de referencia compensados e adaptados a todas as súas particularidades tendo en conta todas as novas derivacións e incorporacións.

O proceso axilizouse grazas á rede creada entorno aos diferentes servizos e profesionais e á xuntanza previa coas familias, na que toman conciencia do compromiso que adquiren coa participación dos seus fillos e fillas no programa e formalizan a inscrición acordando os días de asistencia ao programa.

Os/as diversos/as profesionais facilitaron, na medida do que foi posible, o proceso de derivación cara a priorización das prazas dispoñibles, proporcionando tamén un intercambio e actualización de información sobre os diferentes casos.

O 9 de outubro, formalizouse o comezo da actividade coa presentación dos nenos e nenas participantes. Previamente, unha vez cubertas as prazas, distribuíranse os e as participantes nos dous grupos e espazos diferenciados, para o traballo de reforzo escolar.

Cara a intervir individualmente e conseguir cambios nas dinámicas condutais dos e das máis pequenas e das súas familias, desenvolvéronse contidos transversais específicos, tales como:

- ✚ **Tarefas e normas:** Tal e como se expresou anteriormente, nos inicios de cada edición, foi fundamental consensuar normas de convivencia (respectar aos/ás compañeiros/as e educadoras, non insultar, non pegar,...), creando un adecuado ambiente de traballo cooperativo no que se propicia que todos e todas se sintan libres de participar, e intervir de forma activa con voz e voto.

Non foi menos importante a asignación de tarefas igualitarias que realizaron todos e todas de maneira rotativa. Ao comezo de cada semana asignábase a cada rapaz e/ou rapaza as tarefas a desenvolver: recollida de material e xogos, limpeza de mesas e encerado, regado e coidado das plantas, encargado/a de recoller as valoracións diarias dos/as compañeiros/as e escrita de data no encerado. O sistema de fichas, foinos moi útil xa que unha ficha con debuxos simbólicos de cada tarefa, colocado ao lado do nome da persoa ao que lle fora asignada unha determinada tarefa, lembraba que durante esa semana tiña que cumprir co seu cometido e facilitaba a rotación igualitaria sen que se produciran repeticións por despiste.

Nas primeiras semanas do programa os/as encargados/as de realizar as tarefas por lista elaborada, foron os/as nenos/as de continuidade o que propiciou que as novas incorporacións empurrados/as e reforzados polos/as seus/súas iguais, se amoldaran sen dúbida á estrutura do programa, ao tempo que o grupo comprendía que colaborando todos/as sen distinción, nas tarefas encomendadas, quedaba máis tempo para gozar dos xogos e do tempo de lecer.

- ✚ **Apoio e educación socio-emocional:** No tanto que as necesidades socio emocionais determinan o desenvolvemento persoal e social das persoas en xeral e dos/as nenos/as en particular, fíxose necesario un apoio e reforzo socio emocional continuado cara a contrarestar e/ou minimizar as súas carencias. Como xa se nomeou, dadas as especiais características dos rapaces e rapazas participantes neste programa, houbo de traballar dacote no fomento da autoestima e o autoconcepto, como base do desenvolvemento persoal saudable, propiciando a confianza en si mesmos/as, e educandoos en comportamentos e actitudes solidarias nas relacións interpersonais. Para ofrecer este apoio foi imprescindible crear un clima de confianza que lles permitira expresarse con liberdade,

aproveitando os escasos momentos nos que os/as nenos/as demandaban ser ouvidos nas súas vivencias persoais e/ou familiares, e amosar, as súas emocións e sentimentos. É esta confianza a que lles permitiu poder reconducir aquelas emocións pouco saudables (ira, rabia, frustración, tristura...) ao tempo que facilitou que as súas relacións cos iguais se mantiveran ao marxe destas emocións contidas, animándoos a resolver os conflitos de maneira construtiva e non violenta.

- ✚ **Xogos e dinámicas de habilidades sociais:** Foron primordiais para a adquisición de valores propios do compañeirismo, e de pertenza a un grupo de iguais que se basea na amizade e na convivencia diaria das e dos compañeiros/as. Os xogos grupais axudaron, a evitar a competitividade e favorecer a solidariedade e cooperación.
- ✚ **Xuntanza coas nais e pais:** Nas xuntanzas saen a cotío, cuestións de dinámicas familiares. As conversas abertas en grupo, xeran unha serie de interaccións (ás veces positivas, ás veces negativas), moi enriquecedoras para aquelas familias que asemellan ter moi claras as súas posturas, pero que, satisfactoriamente para nós, son contrastadas e resoltas favorablemente en moitos casos pola propia evolución e influencia dos e das súas fillas, acostumados a comentar e valorar as condutas (familiares e escolares). O traballo coas familias deuse dunha maneira máis individualizada con múltiples titorías individuais, atendendo tanto a incidentes puntuais como a evolución de cada neno/a.

Queda demostrado que a través de xogos, dinámicas e do comportamento do grupo en xeral, xunto coa introdución dalgunhas pautas de conduta, é máis doado para eles/elas interiorizar e integrar normas e límites nos hábitos acotío e mantelas no tempo, de tal xeito que, ao final desta edición, aqueles rapaces e rapazas que asistiron con regularidade, comportábanse de maneira máis solidaria, non só no tempo de lecer e nas tarefas asignadas, senón tamén nas tarefas escolares.

O programa continuouse ata o sábado 23 de xuño, para acompañar nos exames finais e para asentir os avances conseguidos na adquisición de normas e límites. Unha vez rematado o curso escolar o día 21, realizouse unha saída con pernocta de venres 22 a sábado 23 a Aldán.

Unha vez rematado o programa nos casos que foi preciso, buscáronse alternativas de actividades de ocio e tempo libre para o extenso período vacacional do verán. Consensuáronse ditas actividades coas educadoras familiares e traballadoras sociais de referencia. Finalmente nesta edición, inscribimos a 4 nen@s (nun caso para cubrille as súas necesidades socioafectivas inscribíuselle nas 3 actividades enlazando unha con outra): a un neno no campamento Depoaventura na Lanzada, 3 no de Verán náutico na ETEA, e 2 nas actividades no centro cívico de Teis para os meses de xullo e agosto. Na data de realización desta memoria podemos contar coma un éxito a asistencia do neno a Depoaventura e a asistencia doutr@s 2 a Verán náutico na ETEA.

Atendendo á diversidade nunha valoración inicial de necesidades, o grupo dividiuse en dous subgrupos en espazos diferenciados, no tempo adicado a tarefas escolares, e traballo en pequeno grupo.

### **Subgrupo1 (VACALOURAS):**

No grupo das vacalouras participaron 6 nenas e 6 nenos, de idades comprendidas entre os 6 e os 14 anos. As prazas foron ocupadas por 8 nenos e nenas de continuidade de edicións anteriores, mentras que 4 foron de nova incorporación ao programa.

A incorporación de 4 nov@s participantes, xunto cos problemas condutuais de 2 del@s e as dificultades de relación d@s outr@s 2, puxo a proba a estabilidade grupal. Houbo moitos conflitos nos primeiros meses, xa que @s participantes máis antig@s trataban de obrigar a aceptar @s nov@s na súa propia dinámica grupal. A educadora tivo que interferir en moitos deses conflitos, xa

que o grupo non era quen de resolver positivamente ditos encontronazos. A medida que ía baixando a intensidade da rabia e ira contida, foise traballando moi intensamente a cohesión grupal e por tanto o sentido de pertenza ao grupo. A vinculación afectiva-emocional foi en aumento e inversamente proporcional tanto ao número de conflitos coma á súa intensidade. O traballo psicopedagóxico según o caso desde Menores e gabinetes psicopedagóxicos, axudou a consolidar os avances; neste senso o traballo coordinado foi facilitando a consecución dos obxectivos socioeducativos. Coa estreita colaboración dos centros de ensino, acadouse unha moi positiva evolución dentro das aulas e en momentos de menor control coma son os recreos e sobre todo o comedor escolar.

Na avaliación final desta edición habería que incidir en dous subgrupos diferenciados: o de continuidade e o de novas incorporacións. N@s nen@s de continuidade valorar moi positivamente a súa evolución, tanto no plano afectivo-emocional coma nos aspectos socioeducativos. No caso das novas incorporacións aínda que é notable a súa positiva evolución, o curso quedou escaso, sendo preciso continuar n aliña de traballo iniciada sobre todo na referida a integración socioeducativa.

A confianza acadada coas familias e profesionais de referencia e a súa implicación, permitiu acompañar e realizar un seguimento máis preciso e exhaustivo en diversos ámbitos como no da saúde.

Á demanda das propias familias e profesionas do eido social así como do educativo, elaboráronse informes para especialistas de saúde buscando un diagnóstico completo que afonde nas dificultades socioeducativas. Neste sentido os acompañamentos da educadora de referencia, posibilitaron e favoreceron avances nos procesos de diagnose iniciados por outros profesionais, pero abandonados ou deixados de lado por ditos profesionais e/ou a propia familia. Sempre que se levaron a cabo, foron pola ausencia doutros/as profesionais xa que de existir, formarían parte das súas tarefas.

O traballo en pequeno grupo funcionou moi ben respecto a adquirir e manter canles de comunicación, reforzo positivo, compañeirismo e solidariedade. Nos primeiros 2 trimestres, se nos roces ou conflitos participaban nen@s nov@s, foi imprescindible a mediación da educadora, sendo ésta menos necesaria a medida que se cohexionou o grupo. Aínda con pequenos conflitos, o grupo mantívose cohesionado, con sentido de pretenza e respostou éxitosamente a cada conflito, resolvéndose cada incidente rápida e eficazmente. As pautas educativas interiorizadas pol@s de continuidade, os hábitos e rutinas adquiridas e asentadas, permitiron amosar un grupo maduro que responde en conxunto moi por enriba das expectativas e moi por enriba das capacidades de resposta individuais.

No tempo de realización das tarefas escolares, mantense (sobre todo no inicio do programa) a escasa ou nula valorización que lle dan os/as menores, problemática que ten o seu orixe no ámbito sociofamiliar. As dificultades de aprendizaxe, xunto coa falta de motivación do propio sistema educativo no que prevalece a necesidade de acompañar ao alumnado exitoso, deixa moi pouco marxe a perfís propios do programa. Levantar a losa que todo eso supón, dificulta enormemente os avances no plano curricular. Pero tamén é certo que a medida que se lles vai subindo o nivel de existencia, son eles/elas mesmos/as quen se autoevalúan e dan conta do que van conseguindo acadar e, moito máis, cando son reforzad@s pola mellora das calificacións académicas.

O traballo en gran grupo supón un esforzo extra, no manexo de habilidades sociais. Nos inicios do programa, os momentos compartidos en gran grupo supoñen unha fonte de problemas engadidos derivados de instantes de descontrol (cun grupo desequilibrado nas inquietudes e necesidades individuais e inicialmente con escaseza de habilidades de relación e comunicación grupais). Ao feito de estar coñecéndose e interrelacionándose en xogos ou dinámicas grupais, súmanse as dificultades propias de cada neno e nena. A variedade de idades e as problemáticas individuais, xunto coa falta de habilidades sociais dificultan enormemente o traballo en gran grupo.

Co avance dos meses, reconducíronse moitos dos comportamentos disruptivos acadándose un mellor clima grupal, que posibilitou as saídas e reforzou os éxitos individuais.

### **Subgrupo2 (PÍNEGAS):**

O grupo estivo configurado por 10 nenos/as (1 nena e 9 nenos) de idades comprendidas entre os 7 e os 13 anos. A gran parte do grupo eran rapaces/as de continuidade, agás 2 novas incorporacións. Ao tratarse dun grupo mais ou menos consolidado facilitou os comezos aínda que posteriormente dificultou a asunción dos cambios organizativos necesarios.

Durante os primeiros meses do programa, o pequeno grupo foise configurando e reorganizando por idades, de tal xeito que os mais maiores (e tamén os máis veteranos no Ludopam) reforzaron o traballo na asunción de normas e límites, o compañeirismo e a axuda mútua; axudando a reconducir as situacións onde se manifestaban condutas disruptivas e/ou acatamento de normas, e propiciando a corresponsabilidade dos/as maiores para cos máis cativos/as.

Esta dinámica mantívose durante todo o programa aunque con altibaixos, xa que se foron creando alianzas que non sempre repercutían de maneira positiva no desenvolvemento axeitado do traballo en pequeno grupo. Malia todo, os atrancos nas interrelacións entre nenos e nenas de tan diferentes características e idades fóronse solventando, aunque non sen dificultades.

A partires do mes de abril, polo tanto o grupo quedou conformado por 8 nen@ pudendose traballar de maneira máis personalizada e adicar o tempo requerido para reforzos positivos, cohesión grupal e resolución positiva de conflitos. O que se evidenciou nos avances significativos cara aos últimos meses de programa tanto a nivel comportamental no pequeno grupo, coma no curricular.

### **O GRAN GRUPO**

Os tempos compartidos en gran grupo (entrada, merenda e xogos/dinámicas/obradoiros), serven como mostra inequívoca dos avances individuais a nivel condutual.

Nos primeiros meses os/as nenos/as mais conflictivos, aproveitan os momentos de barullo grupais para gañar aliados/as, botando un pulso ás educadoras. Por iso, o traballo inicial en pequeno grupo é o que fundamenta e basea a traxectoria en gran grupo. Cando o pequeno grupo está traballado do individual ao colectivo, cohexionado e forte, é o propio grupo o que lle da soporte e canaliza os posibles éxitos e/ou conflitos. Nesta edición, a marcha de moit@s d@s rapaces e rapazas que cursaban a ESO, acotou e acercou moito as idades dos participantes do groso do grupo, o que facilitou o traballo grupal. As incidencias traballáronse grupalmente sempre facendo partícipes a todos/as, fortalecendo o vínculo común e a toma de decisións grupais. Nalgúns casos, houbo que levar a cabo un reforzo individual, pero sempre foi finalmente o grupo, quen de sentirse protagonista.

Moitas das actitudes amosadas polos nenos e nenas no gran grupo denotaron unha baixa identidade persoal e as súas dificultades de relación e comunicación, que se traduciron en condutas disruptivas como escudo protector, enmascarando a ira e rabia contida, a baixa autoestima,... As dificultades a hora de resolver con inmediatez os desaxustes comportamentais do grupo, alteraron nalgúns momentos o funcionamento xeral do programa.

As valoracións grupais (a través da economía de fichas no tempo de merenda) dos/as nenos/as serviron para reflexionar, tanto individual como colectivamente, sobre as súas propias condutas e as dos/as compañeiros/as; de tal xeito que os incidentes diarios e as diferentes circunstancias que contribuían a manter os conflitos latentes no pequeno grupo, tentábanse reconducir de maneira grupal. Así, estes momentos podían actuar como reforzo positivo das condutas desexadas e/ou minorizar as condutas disruptivas individuais.

A evolución do gran grupo sigue un proceso de crecemento no que se pasa dos atrancos pola

falta inicial de hábitos e rutinas á hora realizar tarefas conxuntas, á paulatina realización das actividades grupais. Nos primeiros meses foi preciso traballar entre todos/as as condutas individuais e colectivas, fortalecer as grupais e asentar un cambio de dinámica que favorecera poder levar a cabo novas actividades, saídas,...

## COORDINACIÓN

### COORDINACION INTERNA

O programa coordínase desde o propio deseño, asignando á equipa de profesionais as funcións a desempeñar segundo competencias dentro do programa e establecendo canles de comunicación continua entre elas/es: Diálogo diario e constante sobre incidencias e/ou toma de decisións (entre os/as educadoras); reunións semanais de intercambio de información e reformulación (cando foi o caso) de actividades ou tarefas para resolver obstáculos o reconducir situacións que pudesen ser problemáticas; Reunións regulares co pedagogo terapeuta (na súa función de asesor) para valorar actuacións e/ou decisións a tomar en situacións complexas.

### COORDINACIÓN EXTERNA

Este programa ten diversas liñas de **coordinación** que son función da Coordinadora técnica, a excepción de departamentos de orientación (pola propia dinámica do programa) que se resolveu directamente entre educadoras e orientadores/as dos centros escolares. Compartiuse información relativa ao transcurso do programa, á evolución dos nenos e nenas e as súas familias, e a todas aquelas circunstancias que podían reverter en beneficio para os e as menores correlativamente cos servizos e axentes sociais do barrio que estiveron implicados dunha ou outra maneira no desenvolvemento persoal, familiar e social dos/as nenos/as.

Destacar:

- ❖ Entre **Técnica da Concellaría de Benestar social** e Técnica do Plan Comunitario de Teis: Nesta edición a coordinación estableceuse a través da realización de informes trimestrais de seguimento, que foron remitidos á Técnica de Benestar Social para seren distribuídos ás traballadoras sociais e educadoras familiares de referencia.
- ❖ O nivel de coordinación cos **Servizos de Atención Primaria UTS.Teis-Travesía**, nos que se continua a traballar conxuntamente coas familias mediante a actualización da información relevante dos e as destinatarias do programa. A comunicación coas traballadoras sociais das UTS Teis e Travesía, segue a ser máis fluida e intensa que co resto de UTS por cercanía e número de casos en común. A bidireccionalidade na información prodúcese ao longo do curso a través da vía telefónica, correos electrónicos, e xuntanzas de coordinación.
- ❖ No que se refire aos outros axentes implicados a nivel de **Centros Educativos**, o coñecemento e a implicación dos/as orientadores/as dos colexios, posibilitou e axilizou o coñecemento dos casos desde a óptica da comunidade educativa. Son diversos as canles de comunicación establecidas que se manteñen para o funcionamento e a coordinación conxunta, principalmente as múltiples xuntanzas e o contacto telefónico cada vez que é preciso. Na dinámica escolar, hai momentos puntuais nos que os contactos cobran máis intensidade, coincidindo co época de exames, avaliacións, xuntanzas coas familias,... En concreto: no mes de outubro para coñecemento de novos casos, valoración dos de continuidade e calquera outra información que se nos escape aos/ás resto de profesionais dos diferentes ámbitos; En xaneiro, unha rolda intermedia de valoración; En maio-xuño, xuntanzas avaliativas e de toma de decisións.

- ❖ Con respecto ao seguemento coordinado a través do **Equipo de Infancia e Familia do Concello de Vigo**, esta edición, houbo 2 derivacións que precisaron maior intensidade na coordinación. Ambos casos recén abertos para intervención familiar, precisaron maior contacto que outros. No caso dun deles desde o proceso de investigación do caso desde o PIF, mantivéronse numerosos contactos telefónicos e presenciais cara a estruturar o traballo conxunto e manexar unha información completa e actualizada da evolución do caso. Esta dinámica foi recollida e continuada pola educadora asignada. É un claro exemplo de cómo iniciar e continuar un proceso aberto, sen deixar cabos soltos en canto a información precisa actualizada, o que favorece a todos os niveis a intervención global.

## RECURSOS

### Recursos Materiais:

Os recursos empregados foron múltiples entre os que se diferencia principalmente **materiais funxibles** necesarios para a realización da actividade igual que na pasada edición forón:

- ✓ Material escolar (cadernos, lapis, bolígrafos, gomas,...)
- ✓ Material específico (cartolinas, papel continuo, pinturas, pinceis...)

Así como, **materiais non funxibles** de uso continuado ao longo de todo o programa como:

- ✓ Material de oficina (P.C, impresora, teléfono, tableta, proxector, ...)

Outros materiais:

- ✓ Medios de transporte: uso do vitrasa, contratación dun microbús.
- ✓ Produtos alimenticios de diversa índole: froita, pan, fiambre, zumes, auga,...

### Recursos Humanos:

No que se refire aos recursos humanos empregados para o desenvolvemento do programa, resaltar que desde o inicio da actividade dispuxose dunha equipa de traballo composta por:

- ✓ Unha coordinadora técnica (Diplomada en Traballo Social).
- ✓ Unha educadora (Diplomada en Educación Social).

Ademáis de ter a oportunidade de contar coa incorporación e colaboración puntual ao programa de:

- ✓ Pedagogo terapeuta (asesor educativo parte da equipa do PCT).

### Recursos Económicos:

Financiamento contratado coa concellaría de Benestar Social do Concello de Vigo.

## AVALIACIÓN

**I: Avaliación inicial:** comezou xa na terceira semana de setembro cunha rolda de xuntanzas cos/as profesionais de referencia dos servizos para tratar de integrar, ao inicio do programa, todas as achegas e suxestións que se consideraron pertinentes. Logo, as e os profesionais de referencia cubriron unha **ficha de campo**, coas posibles derivacións, foron recollidas e sumadas á observación directa da equipa de educadoras. Contrastáronse os diferentes puntos de vista e conclusións e fóronse identificando as características persoais de cada rapaz e rapaza, as súas necesidades educativas, as súas carencias...

**II: Avaliación continua:** realizouse diariamente por medio da observación activa e posterior xuntanza da equipa para consensuar actuacións en caso de incidencias. Semanalmente, fixéronse reunións onde se analizou a evolución de cada neno/a, buscando solucións aos

problemas que foron xurdindo. Algunhas incidencias e as alternativas de traballo pertinentes foron contrastadas co Pedagogo-Terapeuta que forma parte da Equipa, como asesor educativo. Periódicamente, establecéronse reunións conxuntas coa equipa de profesionais dos servizos de referencia (UTS, orientadores-as/titoras-es/comunidade educativa, educadoras familiares, familias...).

Trimestralmente, realizáronse informes de seguimento das nenas e nenos participantes, cara a trasladar información dos casos as profesionais de referencia.

III: **Avaliación final:** realizouse ao remate do ano escolar mediante as xuntanzas de valoración xeral da actividade, a elaboración de informes de seguimento finais dos e das nenas partipantes e da memoria final do programa.

- IV: **Retroalimentación interna e externa:** que permitiu a reformulación inmediata, naqueles casos nos que foi precisa, conseguindo así unha mellor adaptación do programa ás necesidades reais dos rapaces e rapazas.

## AVALIACIÓN DE OBXECTIVOS

Para desenvolver este obxectivos realizáronse **actividades** de: Consenso de normas de convivencia e conduta; Valoración diaria e semanal en grupo (de cada rapaz/a e do grupo): "Economía de fichas"; Dinámicas de autoestima e autoconcepto; Dinámicas grupais e xogos cooperativos e igualitarios; Establecemento de tarefas (rotativo); Hábitos de vida saudable (merenda saudable, exercicio...).

### Obxectivos Xerais:

- Evitar na medida do posible a inadaptación e a exclusión social dos e das menores, artellando unha intervención interdisciplinar que favoreza procesos normalizadores para estes/as. **Conseguido de maneira óptima.**
- Abordar as situacións problemáticas e de risco na infancia de forma que se leve a cabo unha intervención preventiva en canto o posible agravamento nun futuro das devanditas situacións. **Conseguido de maneira óptima.**
- Ofrecer un recurso adaptado ás novas necesidades das familias traballadoras ou con cargas familiares. **Conseguido de maneira óptima.**
- Promocionar e fomentar a igualdade social e de xénero. **Conseguido de maneira satisfactoria.**
- Crear un espazo de lecer alternativo para os nenos/as de Teis. **Conseguido de maneira óptima.**
- Conseguir unha efectiva integración dos nenos/as en risco de exclusión e/ou vulnerabilidade social. **Conseguido de maneira óptima.**
- Consolidar un espazo de apoio e derivación de rapaces/as en situacións especiais detectadas por profesionais do barrio, servizos colaboradores... **Conseguido de maneira óptima.**

### Obxectivos Específicos:

- Axudar á propia dinámica familiar mediante un servizo/recurso de atención aos/ás menores diario e profesional. **Conseguido de maneira óptima.**
- Diminuír a manifestación de condutas desadaptativas e/ou disruptivas nos e nas menores en risco e/ou situación de vulnerabilidade. **Conseguido de maneira óptima.**
- Reforzar e estimular as capacidades e potencialidades do/a menor, co obxectivo de iniciar un proceso de mellora e crecemento individual e como consecuencia tamén familiar. **Conseguido de maneira óptima no caso dos/as menores e satisfactoria no das familias.**
- Potenciar a integración e interacción dos/as rapaces/ as no seu entorno (Teis). **Conseguido de maneira óptima.**



- Ofrecer un espazo de xogo e interacción social e un servizo de atención controlada aos e ás menores, creando ambientes de participación e diversión. **Conseguido de maneira óptima.**
- Facer seguementos periódicos dos nenos e nenas que acuden ao programa mediante o establecemento de recursos e protocolos de actuación conxuntos cos/as profesionais de referencia. **Conseguido de maneira óptima.**

## VALORACIÓN XERAL

Na valoración xeral do desenvolvemento do programa nesta edición, dicir que hai unha serie de cuestións estruturais, que funcionan na práctica positivamente de maneira transversal como:

- ❖ A cohesión da equipa de traballo e a implicación educadoras-plan comunitario porque posibilita o desenvolvemento práctico do programa;
- ❖ As estratexias levadas a cabo no día a día que se trasladan de maneira cambiante (individualizadas e personalizadas) para que as técnicas empregadas faciliten a aparición e o mantemento das condutas dexasibles.
- ❖ O propiciar unha relación de confianza que serve de referencia para todas as persoas que participan na actividade como os rapaces e rapazas, as súas familias, as educadoras de referencia e o propio PCT.
- ❖ A realización de actividades complementarias (obradoiros, saídas ao entorno próximo, saída á Balaídos, a Aldán,...) porque supoñen un forte elemento motivador para os nenos e nenas que participan no programa.

O papel que desempeñaron os nenos, nenas e familias participantes de continuidade, foi fundamental no proceso continuado do programa, xa que foron os propios nenos e nenas que comezaron o programa en edicións anteriores os que informaron, apoiaron e integraron aos/ás novas participantes no proceso de aprendizaxe (normas, horarios), ao igual que o fixeron as súas respectivas familias coas novas unidades familiares. Polo tanto (como xa ven ocorrendo nas últimas edicións), foron eles/as os/as que se convertiron en protagonistas e actores da súa propia evolución, fortalecendo e aportando un valor engadido ao programa (quizás o mais significativo) xa que se crea una mediación entre iguais que doutra maneira sería pouco probable que se establecera.

Neste senso, seguindo a evolución experimentada en anos anteriores, as familias deron un paso á fronte e sumáronse aos/ás nenos/as acompañando e apoiando ás de nova incorporación. Nas entradas e saídas evidenciouse unha estreita relación e unha comunicación diaria e continuada, que podendo supoñer unha fonte de desencontros, supuxo, grazas á forte cohesión entre todos e todas participantes do programa, unha vía de resolución de conflitos entre menores e familias en xeral. Houbo algún roce derivado sobre todo do uso das redes sociais por parte dos pequenos e pequenas, solventado moi exitosamente sen maiores dificultades.

A evolución-involución dalgún dos casos voltou a refrendar a necesidade dun traballo coordinado, e mantido no tempo suficiente para que asenten moitos dos avances acadados. Á dificultade da intervención, súmase a precaución que hai que ter no abandono da supervisión dos obxectivos conseguidos pero que ao non estar afianzados son débiles e están verdes, polo que é moi sinxelo que se perdan.

As normas para a resolución das becas de necesidades educativas especiais: relativas á solicitude das propias familias vía online e acompañadas de informes médicos cunha valoración médica ao respecto das necesidades dos/as menores, e a búsqueda por parte da familia do

gabinete psicopedagógico, provocou desigualdade no proceso de adxudicación. Aquelas familias con menos recursos, non eran quen de completar o proceso de solicitude; o que obrigou as educadoras do programa a acompañar o proceso no mes de xullo e setembro. Cubríronse as solicitudes aproveitando os recursos do Plan Comunitario e buscáronse consensuadamente (e a demanda das familias) os gabinetes psicopedagógicos. Como resultado, aquelas becas que resultaron concedidas iniciáronse cun proceso previo moi valioso, de coñecemento dos/as destinatarios/as por parte das profesionais dos gabinetes. A implicación desde o inicio da familia, colexio e gabinete conseguiu dar a volta a unha situación que pasou de ser excluínte para as familias con menos recursos, a aproveitamento total e global nos casos das concedidas. Quedaron fora do proceso aquelas que non houbo tempo a cumprir requisitos, por demoras nas citas médicas e /ou pouca implicación da familia/gabinete. As máis preocupantes e urxentes foron acadadas con éxito, non sen atrancos, pero co valioso acompañamento de profesionais da sanidade pública, orientadoras de centros educativos, e informes exhaustivos coa implicación dos gabinetes psicopedagógicos coñecidos no proceso. Foi un traballo a maiores cun resultado máis que satisfactorio, co aproveitamento total das becas e unha melloría importante moi notoria nos/as pequenos/as valorada por todos/as profesionais implicados/as, as familias e o máis importante os/as propios/as nenos/as.

Completáronse todas as intervencións socioeducativas coa búsqueda adaptada de actividades de ocio e tempo libre para o verán, naqueles casos que precisaban de acción complementarias para o período vacacional.

Mantivéronse e cumpríronse os criterios de calidade que vimos priorizando desde a primeira edición, PARTICIPACIÓN e COORDINACIÓN de todos/as os/as axentes implicados/as (familias, profesionais, servizos, concellería de Benestar Social...), como garantía de efectividade e eficiencia. Isto permitíu, por unha parte adecuar as accións aos fins e obxectivos do programa e, por outra, a optimización dos recursos utilizandoos correcta e equilibradamente e recurrido á avaliación continua e informada como fórmula de mellora continúa.

## **Puntos fortes e puntos febles do programa.**

### **Puntos fortes**

- ✓ Os elementos definatorios do programa como a metodoloxía, os criterios de traballo, o traballo en equipa, a coordinación, que fan posible a resistencia do programa.
- ✓ O coñecemento do programa, o afianzamento das relacións e apoio amosado polos Centros Educativos posilita que, a pesares das circunstancias, se realizara o proceso de derivacións e as xuntanzas con axilidade e eficacia facilitando e valorizando o traballo levado a cabo desde o Plan Comunitario.
- ✓ A presenza de rapaces/as de edicións anteriores facilita as novas incorporacións ao programa no total de destinatarios/as. O que posibilita a incorporación inmediata de hábitos, rutinas e normas consensuadas no programa para finalmente ser asimiladas e interiorizadas polo gran grupo. Mesmo as súas familias apoian a participación e posterior integración das novas incorporacións, participando activamente na resolución das posibles dúbidas, xogando un papel fundamental na aceptación da asistencia das novas familias.
- ✓ Aumentou o grao de implicación das familias respecto ao programa, incentivadas por un maior número de contactos e xuntanzas.
- ✓ O coñecemento do contexto global de desenvolvemento dos/as menores desde a óptica familiar, social, escolar, entorno máis próximo...
- ✓ O prestixio e valoración positiva no boca a boca entre os/as destinatarios/as directos/as e indirectos/as, tras 10 edicións, propicia o achegamento de usuarios/as reais e potenciais.

- ✓ A continuidade do persoal de referencia tanto no PCT coma nos diferentes recursos en xeral, propicia e posibilita o coñecemento e dominio do programa por parte dos/as profesionais.

### Puntos Febles

- A inestabilidade na temporalización do programa repercute moitísimo no traballo a medio e longo prazo, non só directamente nas liñas de traballo das educadoras do Plan Comunitario, senón directamente nas decisións conxuntas con outros/as profesionais das UTS, os centros educativos, de intervención familiar,...
- A difícil situación económica e social da maioría das familias destinatarias do programa, facendo partícipes das diversas problemáticas derivadas desta situación aos seus/súas fillos/as pese a súa corta idade, o que lles ocasiona preocupacións e altibaixos nas condutas aos/ás máis pequenos/as e ás que evidentemente non saben como facerlle fronte.
- A complexidade e o aumento das dificultades do trato directo coas familias, nos casos nos que interveñen numerosos axentes sociais (educadores/as familiares, psicólogos/as, gabinetes psicopedagoxicos, etc...)
- Segue pendente o traballo no ritmo do gran grupo, habería que conseguir axilizar o tempo da merenda e das valoracións, para poder disfrutar de maior tempo de lecer.
- A carencia de recursos ocasionan enormes dificultades para acudir a actividades de ocio e tempo de lecer.

### Propostas de mellora continúa

Para presentar propostas fundamentadas e concretas de mellora, contouse coa intervención de todos/as os/as axentes implicados/as co fin de garantir a lexitimidade das propostas, baseándonos ademais nos resultados (cuantitativos e cualitativos) obtidos nas avaliacións.

As propostas foron realizadas metodoloxicamente en base a tres eixos: Reafirmación de acertos, corrección de deficiencias e formulación de novas iniciativas.

- ✚ A complementariedade do programa implica a participación de numerosos/as axentes sociais, pólo que non se pode entender sen a coordinación efectiva de todos eles/as, tentando superar obstáculos que teñen que ver mais con dinámicas estruturais dos servizos que coa propia evolución e tratamento dos casos.
- ✚ É indispensable neste tipo de programa, manter a súa continuidade e estabilidade, adaptándose ás datas do ano escolar.
- ✚ Sería necesario acompañar o proceso de inicio do curso escolar, para evitar e/ou reducir impactos negativos na adquisición de hábitos e/ou rutinas, cara a poder reconducilos naqueles casos que o requiran.
- ✚ O proceso evolutivo dos nenos e nenas non acaba no ano escolar, por iso é fundamental a continuidade con actividades que cubran parte do período vacacional, para garantir a consecución dos obxectivos a medio e longo prazo.
- ✚ Sería desexable realizar acompañamentos na integración de actividades lúdicas e educativas normalizadas. As actividades propostas polos/as propios/as nenos/as

deberan obter resposta interna no programa e/ou externa en coordinación cos/as profesionais e/ou recursos existentes no ámbito socioeducativo e familiar desde servizos sociais do Concello de Vigo.

- ✚ Comezar a traballar cos mais pequenos/as implica, necesariamente a participación das súas familias, e estas, para facer fronte as necesidades educativas dos e das fillas, nalgúns casos, precisan unha preparación previa, real e efectiva. Debérase, por tanto, ter en conta para próximas edicións que sen un traballo (socioeducativo) previo a nivel familiar as veces non é pertinente a participación no programa.
- ✚ Para poder traballar e consensuar pautas comportamentais e condutuais dos/as menores e as súas familias, faise necesario un traballo de educación/mediación (cando non hai intervención) familiar cara a facer entender certos comportamentos dos/as nenos/as e adestrálos/as nas habilidades para dar as respostas axeitadas a situacións da vida cotiá non comprendidas por ambas partes. Neste senso a escola de nais e pais faise unha ferramenta indispensable para traballar transversalmente coas familias e menores.
- ✚ A calidade da intervención cos/as menores melloraría considerablemente se fose posible realizar máis saídas e actividades fora do entorno coñecido, permitiría a interacción e integración normalizada e normalizadora noutros espazos e con outros membros da comunidade.

## PROGRAMA INTEGRAL “A PUNTO-TEIS” 17-18

### DATOS RELATIVOS Á ACTUACIÓN

1. **DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN CON INDICACIÓN DO MARCO NO QUE SE DESARROLLA A ACTUACIÓN:** Programa Integral de Iniciativa Comunitaria “A Punto Teis 2017-2018”.
2. **ORDE DA SUBVENCIÓN:** Orde de 12 de maio de 2017, pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social e procédese á súa convocatoria para os anos 2017 e 2018 (cofinanciada parcialmente polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional).

### XUSTIFICACIÓN E FINALIDADE DO PROGRAMA

Dadas as características poboacionais do barrio e a súa situación socioeconómica, tal e como se desprende dos datos obtidos na diagnose comunitaria realizada por esta entidade, algúns sectores da mesma- entre os que destacan os mozos e mozas de entre 16 a 26 anos- precisan abordar a súa vulnerabilidade a traveso dun programa de intervención integral a nivel comunitario que permita:

1. Previr e/ou minimizar o risco de exclusión social destes sectores poboacionais (punto de encontro comunitario).
2. Facilitar o seu acceso normalizado ao mercado de traballo (competencias, aptitudes e habilidades básicas e alternativas ao desemprego).
3. Potenciar e fortalecer a rede social e comunitaria establecendo canles relacionais de apoio e seguimento continuado.

O programa pretende ser unha actuación integral de carácter transversal, unindo as intervencións complementarias dos servizos sociais comunitarios nun proxecto de inclusión social; asentando estas intervencións nas propias forzas e recursos da comunidade, mellorando a súa organización, coordinándoos, optimizándoos e mobilizándoos, na medida do posible, na busca de alternativas viables de traballo, fomentando en moi diversos eidos (no convencemento de que a integración abrangue aspectos moi diversos) a implicación das persoas na rede (a traveso da coordinación e cooperación cos servizos sociais e outras entidades ou axentes sociais participantes) e facilitando, a traveso do establecemento de Itinerarios - con titorización e seguimento- a incorporación social das persoas en situación de desvantaxe e /ou exclusión que reducindo a súa vulnerabilidade.

## **OBXECTIVOS**

- **Obxectivos Xerais:**

- Dotar, aos e ás mozas en situación ou risco de exclusión, de competencias e contidos básicos que permitan o desenvolvemento das súas capacidades persoais e sociais como paso previo para un acceso normalizado ao mercado de traballo.
- Realizar seguimento e titorización de mozos/as do barrio en situación ou risco de exclusión social.
- Implicar a comunidade no proceso de incorporación social e laboral dos mozos e mozas en situación de risco ou exclusión social.

- **Obxectivos Específicos:**

- Mellorar as aptitudes básicas dos mozos e mozas do barrio en situación ou risco de exclusión social.
- Utilizar a comunidade como recurso na busca activa de emprego.
- Crear un espazo comunitario de referencia.
- Promover a coordinación dos servizos e profesionais do barrio implicados no programa.
- Realizar un seguimento e titorización personalizada dos destinatarios/as contando cos/as profesionais e servizos do barrio.

## **METODOLOXÍA E RECURSOS EMPREGADOS**

A metodoloxía foi a propia das iniciativas comunitarias: participativa, activa e flexible en todo o proceso, de tal xeito que a coordinación e cooperación entre todas/os as/os axentes implicadas/os se convertise no método de traballo propiamente dito, habilitando canles de comunicación directa entre as persoas, cubrindo os ocos aos que a administración non chega e apostando pola calidade da intervención. Isto permitiu un itinerario personalizado de aprendizaxe adaptado ás necesidades da poboación destinataria, utilizando, cando foi necesario as TICs como ferramenta de traballo e recurso metodolóxico.

- **RECURSOS HUMANOS:**

- **Persoal contratado:**

- Unha coordinadora (Traballadora Social) responsable da coordinación xeral e da integralidade do programa. Encargada da programación, organización e coordinación inicial con institucións, entidades e empresas colaboradoras do programa así como da selección de persoal.
- Dúas titoras/formadoras no período do curso teórico, seguimento das prácticas e responsables do programa. (Educadoras Sociais).

- **Persoal colaborador:**

- Un pedagogo con funcións de asesoramento.
- Unha orientadora laboral do INEM.
- Un orientador laboral do Concello de Vigo.
- Outros/as profesionais dos servizos do barrio.

- **RECURSOS MATERIAIS:**

- **Propios:**

- Local propio con Aulas e despachos diferenciados
    - Computador, teléfono, portátil, proxector.
    - Material de oficina.
    - Material específico en cada módulo.

- **Cedidos:**

- Aula de informática do Centro Municipal de Ríos.

- **COOPERACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES:**

Coordinación coas seguintes entidades e servizos para posibles derivacións e intercambio de información:

- Unidade de Traballo Social do Concello de Vigo para zona Teis.
  - Unidade de Traballo Social do Concello de Vigo para zona Travesía de Vigo.
  - Oficina de emprego. Servizo Público de Emprego de Galiza en Teis.
  - Concellaría de Emprego do Concello de Vigo
  - Centro de día e atención ao menor Alborada.
  - Centro de ensino do barrio.
  - Asociación Arela.
  - Residencia de Menores O Seixo.
  - Traballadora Social do Centro de Saúde.

Para a fase de Prácticas en empresas, adquiriron o compromiso de firma do convenio correspondente as seguintes empresas:

- Suministros Punto Fijo S.L. (R/Santa Tegra-Teis, Vigo); (R/Teixugueiras-Navía, Vigo).
  - Empresa Carrefour S.A. (R/ Travesía de Vigo 202 - Teis, Vigo).

## **ACTUACIÓN DESENVOLVIDAS**

- **Fases de actuación.**

### **A.- COORDINACIÓN TÉCNICA PARA OS ITINERARIOS DE INSERCIÓN:**

- Xuntanzas organizativas:
    1. Servizos Sociais comunitarios municipais no barrio (UTS TEIS/UTS TVSIA).
    2. Recursos Asistenciais do barrio (Alborada Centro de Menores, Traballadora Social do Centro de Saúde).
    3. Servizos de emprego (estatal, autonómico e local)
    4. Institutos, Colexios e Servizos do barrio.
    5. Institucións xuvenís de ámbito local (municipal).

- Selección de mozas/os derivadas/os.
- Elaboración/preparación dos contidos.
- Deseño de Itinerarios de Inserción Sociolaboral Personalizados.
- Xuntanzas cos e cas colaboradoras profesionais (pedagogo, etc...).
- Elaboración de Convenio de Colaboración coas entidades/colectivos.

## B.- ITINERARIOS DE INSERCIÓN PERSONALIZADOS:

- DESENVOLVEMENTO DE ITINERARIOS

- *Desenvolvemento e Realización de Itinerarios de Inserción Sociolaboral Personalizados:*

- A estruturación e organización do programa en itinerarios que incluían módulos preformativos naqueles casos nos que se precisou, permitíu adaptar as diferentes accións aos perfis dos participantes, posibilitando poder optar aos módulos preformativos completos -ou a algún deles- ou establecer directamente o itinerario sociolaboral.
- Realización de accións formativas para a adquisición e mellora de habilidades sociais e hábitos prelaborais.
- Acompañamento social, co fin de reforzar o itinerario daqueles/as participantes que optaran polas alternativas de acceso a un emprego ou a formación de carácter laboral.
- Acompañamento en accións prelaborais (prácticas en empresas, entrevistas previas a contratación).
  - *Contacto coas entidades, colectivos e sinatura de convenios, cando foi o caso, para a realización de prácticas prelaborais.*
  - *Titorizaxe e seguimento personalizado das/os mozos e mozas do programa.*

- ACCIÓNES FORMATIVAS:

### 1.- MÓDULO HABILIDADES SOCIAIS

- Coñecemento e interrelación grupal. Dinamización do grupo.
- Comunicación, axentes, tipos...
- Habilidades sociais, concepto, variantes. A autoestima.
- Resolución de conflitos e convivencia pacífica.
- Entrenamento en HH.SS. e conduta prosocial. Empatía.

### 2.- MÓDULOS DE HABILIDADES PRELABORAIS E INFORMÁTICA.

- Adestramento en hábitos de traballo e disciplina (respecto de horarios, acatamento de ordes...)
- Orientación laboral.
- Curriculum Vitae, carta de presentación.
- Adestramento para a entrevista persoal.
- Información, orientación no autoemprego.
- Bolsas de emprego.
- Utilización das TICs na busca activa de emprego:
  - Suites ofimáticas libres, Open Office.
  - Redes sociais e a súa utilización como recurso na busca de emprego.



- Páxinas web, bolsas de emprego.
- Utilización doutros cursos formativos *on-line*.

### 3.- PRÁCTICAS NON LABORAIS EN EMPRESAS

- Titorización individualizada e diaria dos mozos e das mozas en prácticas.
- Coordinación e titorizaxe cos/as responsables correspondentes das entidades /colectivos.
- Control de asistencia e asesoramento profesional.

### C.- TITORIZAXE E SEGUIMIENTO DOS ITINERARIOS DE INSERCIÓN:

- **Seguimento dos Itinerarios de Inserción Personalizados:**

1. Titorizaxe e seguimento personalizado das/os alumnas/os: titoría, asesoramento e seguimento persoal presencial.

2. Titoría e seguimento virtual. Creouse unha conta de correo electrónico onde os formadores solicitaban exercicios e eles/as contestaban ás correccións. Aproveitouse este método para practicar o manexo do correo electrónico, unha habilidade que só tiña adquirida con anterioridade unha minoría dos/as participantes.

### D.- ACTIVIDADES ESPECÍFICAS DE IGUALDADE:

Cara a garantir a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres que participen no programa:

- Adaptáronse os horarios, sempre tendo en conta, as necesidades individuais e grupais de mulleres e homes.
- Á hora de transmitir a información, tívose en conta o uso non sexista da linguaxe e as imaxes ( transmisoras de modelos) reforzando, na medida do posible, as imaxes de mulleres que contribúan a rachar cos falsos estereotipos sexistas.
- Revisáronse os contidos para eliminar os estereotipos sexistas e a utilización inadecuada da linguaxe.
- Introducíronse contidos e accións complementarias sobre os desequilibrios de xénero no ámbito sociofamiliar e laboral, dentro do desenvolvemento do proxecto/itinerario.
- Establecéronse canles de comunicación que permitiron ás mulleres expresar ás súas necesidades e suxestións, sen medo a ser xulgadas.
- Participouse en actividades colectivas a nivel municipal, sendo xa unha referencia a participación das mozas e mozos do programa "A punto- Teis" no programa "Enlaza Vigo" que se organiza desde a Concellaría de Igualdade do Concello de Vigo.
- Toda información foi desagregada por sexos para poder reflectir cuantitativa e cualitativamente na memoria as diferenzas existentes entre mulleres e homes.

- **Número de horas para cada fase de actuación**

COORDINACIÓN TÉCNICA: (inicio 15 de xullo de 2017 – remate 12 de xuño de 2018. 365 hrs)

ITINERARIOS DE INSERCIÓN SOCIOLABORAL PERSONALIZADOS: (Inicio 15 de agosto de 2017 - remate 12 de xuño de 2018. Total 925 hrs)

ACCIÓN FORMATIVA dentro dos itinerarios: (inicio: 29 de outubro 2017; remate: 1 de xuño 2018. 320 horas)

- MÓDULO HABILIDADES SOCIAIS (inicio: 29 de outubro de 2017, remate: 30 de marzo de 2018. 160 hrs)
- MÓDULO DE HABILIDADES PRELABORAIS (inicio: 29 de outubro de 2017, remate: 30 de marzo de 2018. 160 hrs)
- MÓDULO DE INFORMÁTICA (inicio: 19 de novembro de 2017, remate: 18 de febreiro de 2018. 80 hrs)

PRÁCTICAS PRELABORAIS: (inicio-remate:15 decembro de 2017, remate:30 maio de 2018 . 30 hrs/alumna/o)

- **Lugares onde se realizou.**

- Local do Plan Comunitario de Teis.
- Aula de informática do Centro Municipal de Ríos-Teis.
- Servizos e recursos do barrio.
- Empresas do barrio.

## **DATOS RELATIVOS AOS USUARIOS/AS DE CADA CURSO OU ACTIVIDADE**

### **PERFIL DOS E DAS PARTICIPANTES**

- clasificación segundo sexo




Gráfico 1 : Desagregación por sexo. Elaboración propia 2018

- clasificación segundo idades e sexo




Gráfico 2 : Desagregación por sexo e idade. Elaboración propia 2018.

- Clasificación segundo estudos e sexo.




Gráfico 3 : Desagregación por estudos. Elaboración propia 2018

- Clasificación segundo factores de vulnerabilidade e sexo.




Gráfico 4 : Desagregación por factor de vulnerabilidade. Elaboración propia 2018

- Clasificación segundo situación laboral e sexo.




Gráfico 5: Desagregación por situación laboral. Elaboración propia 2018.

- Outros datos de interese.

A asistencia ás sesións formativas dos módulos, pódese dicir que foi regular na maioría das persoas atendidas, o cal nalgúns dos casos supuxo un verdadeiro esforzo de adaptación e desenvolvemento da constancia para ditos participantes, que levaban moito tempo sen asistir de forma regular a ningunha acción formativa de calquera tipo. No primeiro periodo do programa, no mes de outubro, unha das persoas amosou dificultade dende o comezo para manter unha asistencia regular no itinerario de inserción, causando baixa a principios de decembro por incumprimento dos horarios establecidos. Así mesmo outro dos participantes causou baixa a finais do programa, e ate ese momento non obtivera unha asistencia continuada. En contraste, durante o transcurso desta edición foron dúas as persoas que se incorporaron a esta primeira edición, unha delas pouco despois do comezo que cumpriu un seguimento total do seu itinerario a partir da súa alta; e outra cara finais do programa, con escaso tempo de adaptación, polo que se valorou a posibilidade de continuar na segunda edición, desta vez dende o comezo. Outro dos participantes tamén continuou o itinerario na segunda edición debido a súa incorporación noutra acción formativa e posteriormente nun traballo, polo que se mantiveron titorías de seguimento e apoio personalizado que precisaron do establecemento dun novo itinerario.

En canto ao segundo periodo (2018), salvando algunha excepción a asistencia tanto aos módulos formativos como as titorías foi regular, obtendo a maioría de participantes máis do 80% de asistencia. Esta edición viuse marcada polo abandono do itinerario a finais do mes de febreiro de dúas das participantes debido a súa inserción laboral, unha no propio concello de Vigo

As dificultades, dalgunhas das persoas participantes para continuar o itinerario de inserción socio-laboral poden explicarse na meirande parte dos casos debido á falta de habilidades como a constancia, a motivación e na percepción da autoeficacia, que non sempre se logrou desenvolver o suficiente ao longo do programa como para permitirles cumprir o itinerario.

A puntualidade nas sesións formativas mantívose nuns niveis medios ao longo de todo o programa, sendo máis baixa nos momentos posteriores aos períodos vacacionais (nadal, entroidos), posiblemente debido á influencia do entorno sociofamiliar dos/as participantes. Cómpre sinalar que a pesar disto, valóranse como positivos os niveis de asistencia acadados dado o perfil das persoas asistentes e a súa falta de hábito no seguimento de accións formativas ata o momento.

A puntualidade nas sesións formativas mantívose nuns niveis medios ao longo de todo o programa, sendo máis baixa nos momentos posteriores aos períodos vacacionais (nadal, entroidos), posiblemente debido á influencia do entorno sociofamiliar dos/as participantes. Cómpre sinalar que a pesar disto, valóranse como positivos os niveis de asistencia acadados dado o perfil das persoas asistentes e a súa falta de hábito no seguimento de accións formativas ata o momento.

No transcurso do programa, fíxose necesario reaxustar algún dos Itinerarios personalizados, tanto no tocante a obxectivos como no que respecta ás prácticas prelaborais, para adaptalos ao ritmo do desenvolvemento das habilidades e aptitudes dos/as participantes. Isto determinou cuestións como a frecuencia das titorías persoais e outras accións levadas a cabo como o contacto cos/as profesionais de referencia das entidades derivadoras ou a realización ou non de prácticas en empresas. Nalgún dos casos, mesmo se precisou a continuidade, marcando un novo itinerario, nun sentido moi diferente ao inicialmente estruturado, cara a retomar accións formativas e/ou prelaborais que lles permitira a vinculación con posteriores proxectos de desenvolvemento vital.

Para finalizar, no que corresponde ás prácticas prelaborais, foron seis as persoas participantes, tres por cada período, amosando unha asistencia totalmente regular e puntual ás mesmas facendo un alto aproveitamento desta acción. No período 2018, outras tres persoas eran merecedoras dunha incorporación ás prácticas pre-laborais, pero en dous dos casos ambos participantes abandonaron o itinerario ao pouco ou xusto antes de comezar, mentres que outra das participantes caeu gravemente enferma. Estas cuestións vense reflexadas máis detidamente na aplicación informática do Plan Galego de Inclusión, así como os motivos polos que o resto de participantes non accederon ás prácticas, sendo estes fundamentalmente a non ter desenvolvidos as participantes niveis suficientes nalgunhas habilidades necesarias para as mesmas (constancia, autocontrol, recoñecemento da autoridade...) ou non amosar motivación por realízalas.

- **Coordinación e derivacións de participantes.**

O número de derivacións foi de 29 mozas e mozos dende diversos servizos: UTS Travesía, UTS Teis, Alborada Centro de Menores, Colexio Possumus, Asociación Arela, Programa de Infancia e Familia, Centro Seixo, así como rapaces/as con contacto directo co Plan Comunitario de Teis, que foron un total de 7. Destas derivacións producíronse abundantes descartes ao non lograr contactar directamente coas persoas derivadas ou non presentarse as entrevistas de pre-selección. Como característica principal nesta edición, o programa foi adaptado aos perfís dos/das participantes, sendo posible a realización do itinerario sen acudir aos módulos formativos ou acudindo parcialmente, adaptándose así ás persoas con cargas familiares que non podían acudir diariamente á acción formativa ou que xa posuían habilidades adquiridas.

O perfil para este tipo de actuacións que requiren dun itinerario personalizado, precisan de derivacións moi concretas e racionalizadas cara ao aproveitamento total das accións. Por este motivo, trala derivación fixéronse entrevistas individualizadas para coñecer aos e ás posibles participantes, onde eles/as se presentaban e indicaban o que estaban a facer nese momento ou o que tiñan en proxecto.

Unha vez coñecidos os casos, tras unha profunda reflexión estableceuse a priorización de rapaces e rapazas que máis se axustaban ao perfil requerido.

As derivacións foron priorizadas de antemán polos/as profesionais de referencia como se reflicte no gráfico:




Gráfico 6: procedencia das derivacións Elaboración propia 2018




Gráfico 7: procedencia das derivacións seleccionadas. Elaboración propia 2018.

No que se refire a **coordinación e seguimento** cos/as profesionais de referencia que efectuaron as derivacións, foi coma sempre indispensable cara a consecución dos obxectivos marcados no inicio da intervención.

Nesta edición coma en anteriores, o alto grao de coñecemento tanto do programa como das profesionais que o levan a cabo, así como dos protocolos de priorización e seguimento dos casos, facilitou moi favorablemente o entendemento entre os/as diferentes profesionais implicados/as nos Itinerarios.

- **Perfil das persoas con inserción laboral:**

Na súa maioría, as peculiaridades dos/as participantes e do propio programa imposibilitan a súa evolución inmediata cara a unha inserción laboral a curto prazo, xa que o punto de partida sitúanos nun contexto prelaboral con moitos déficits. A acción formativa supón un paso previo cara ao acceso ao mundo laboral, tendo en conta que o perfil dos/as participantes determinan unha serie de dificultades engadidas: carencia de competencias sociolaborais, as idades, a escaseza de formación, responsabilidades familiares e complexos contornos familiares... Pese a estás condicións, nesta edición foron varias as insercións laborais que se deron. Ate **cinco participantes** remataron o itinerario debido a súa incorporación ao mercado laboral, catro delas con contrato.

Noutros casos, malia que algún e/ou algunha alumna poidan presentarse como perfís de posibles traballadores/as sen problemáticas específicas, no trato directo e continuado amosan maioritariamente unha carencia de habilidades e referentes que imposibilitan, a curto prazo, o acceso ao mercado laboral dun xeito plenamente normalizado.

## AVALIACIÓN E SEGUIMENTO

### Obxectivos acadados

- Asistencia regular e continuada ao longo da acción formativa: 75%.
- Aproveitamento e adquisición competencias persoais e habilidades sociais<sup>2</sup>: 71%.
- Aproveitamento e asimilación dos contidos de habilidades prelaborais: 70%
- Aproveitamento e asimilación dos contidos de informática e TICs: 90%
- Grao medio-alto de satisfacción cos Itinerarios marcados
- Grao medio-alto de satisfacción coa actividade formativa
- Alto grao de satisfacción coas prácticas prelaborais previstas
- 82% do total dos Itinerarios de inserción inicialmente deseñados levados a término (27 itinerarios), fronte a 18% de abandonos prematuros dos Itinerarios.

Dentro dos Itinerarios finalizados de forma efectiva:

- 55% de seguimento total e consecución de obxectivos (15 participantes)
- 20% de seguimento e consecución parcial dos obxectivos (5 participantes)
- 25% de non consecución dos obxectivos (7 participantes)

A este respecto, pódense consultar os informes de resultados dos Itinerarios recollidos na aplicación informática do Plan Galego de Inclusión.

### Protocolo de seguimento de actuacións e participantes

O protocolo de seguimento dos/as participantes quedou estruturado desde o principio das actuacións a través das modificacións solicitadas e a planificación previa realizada sobre o propio itinerario.

Destacar, que pese a que as derivacións foron realizadas por diferentes servizos e profesionais o contacto permanente, facilitou de maneira significativa un seguimento real dos/as participantes propiciando, en algúns dos casos, toma de decisións importantes relativas aos casos nos servizos externos. Ao final do programa obtívose unha valoración bastante aproximada das alternativas e expectativas coas que poden contar cada un/unha deles/as.

Naqueles casos nos que as/os participantes accederon derivados das UTS, realizouse unha valoración final de aproveitamento das actuacións do programa, así como posibles vías de continuidade nas actuacións previstas desde o servizo de atención primaria.

### Valoración xeral dos módulos polos/as docentes:

O **módulo de habilidades sociais** é o que ten máis peso dentro do programa en comparación cos outros xa que coa adquisición destes coñecementos favorécese a comprensión e asimilación de conceptos orientados a busca de emprego e o manexo de novas tecnoloxías.

O perfil dos/as participantes é moi concreto e, aínda que cada un ten as súas características persoais, poden establecerse carencias emocionais e de aprendizaxe comúns. En todos e todas elas prodúcese unha desmotivación cara a vida en xeral en idades moi temperás, que, en consecuencia, só favorecen á realización de hábitos de vida pouco saudables a nivel físico e mental, ademais da dificultade, cada vez máis grande a medida que pasa o tempo, de desenvolver aprendizaxes novas para poder levar a cabo uns estudos específicos ou un posto de traballo de maneira normalizada.

Por estes motivos o traballo individualizado e grupal, levado a cabo neste módulo, é básico para que poidan visibilizar outras alternativas con apoio e esforzo persoal e que sexan conscientes das súas potencialidades. A mellora da autoestima e autoconceito foi algo presente en moitas das actuacións e actividades que se levaron a cabo. A asertividade, a toma de decisións e a resolución de conflitos foron os temas seguintes nos que cabe destacar que a participación constante dos grupos deu pé a facer moitas dinámicas para poder poñer en práctica os conceptos clave de cada un e permitiu traballar a xestión das emocións cara a organización, toma de decisións e control das súas vidas. Neste senso cabe destacar a similitude entre os grupos do primeiro e do segundo período, nos que as habilidades de partida (especialmente do autocontrol, seguimento de pautas e recoñecemento de autoridade) foron, nalgúns casos, baixos e houbo que realizar un traballo moi intenso neste ámbito, con resultados variables segundo as persoas participantes.

En canto a cohesión grupal: no primeiro período foi menor debido as diferenzas de idade e madurez, nas que habería que destacar unha división grupal entre os máis xóvenes, menos concienciados acerca da necesidade de obter formación de cara a consecución de un emprego ou ampliar os seus coñecementos; e os máis maiores, con maior percepción da realidade e maior preocupación por incorporarse ao mundo laboral. Así, por unha banda conseguíronse melloras en actitudes como o seguimento de pautas ou a constancia, mentres que por outra, nunha minoría persistiron cuestións relacionadas co autocontrol ou condutas desafiantes, que comprerá continuar a traballar, desta vez noutros marcos, ao remate do programa. En todos os casos, coordináronse pautas a seguir con posterioridade ao remate dos Itinerarios dos/as participantes coas profesionais de referencia.

Cabe destacar que na segundo período deuse unha maior cohesión grupal dende o inicio, que favoreceu o bo ambiente, apoio mutuo e maior participación entre os e as participantes. No período 2018, ao ser un grupo máis homoxéneo con necesidades similares provocou unha preocupación por parte da maioría de participantes en atender e axudar á/ao compañeira/o sempre que fose necesario e a non ter reparo en ser axudada/o.

En ambos os períodos 2017 e 2018, a influencia dos entornos familiares foi moi importante como en anteriores ocasións, polo que tentouse adaptar os itinerarios ás realidades das/os participantes. No primeiro período, das tres persoas que realizaron o itinerario de maneira individualizada, dúas tiñan responsabilidades familiares polo que a realización do programa desta maneira facilitou a súa asistencia e bo rendimento. Na segunda edición a influencia dos entornos sociofamiliares foi maior, e condicionou que nalgún caso **ás** participantes non puideran acudir con regularidade.

No que se refire ao **módulo de habilidades prelaborais** hai que sinalar que presentaba os contidos máis específicos do curso. Polo que, durante o desenvolvemento do módulo, establecéronse uns alicerces sobre a predisposición inicial para buscar un traballo, métodos e posibilidades de busca de emprego e elaboración personalizada do C.V. e carta de presentación. Sobre eles asentáronse despois os contidos formativos e de busca activa de emprego: primeiro con apoio e de forma autónoma despois. Adestráronse tamén na entrevista e, por último, nos seus obxectivos profesionais e formativos para comezar a crear un proxecto de vida a curto prazo.

Débense diferenciar dúas tendencias no relativo ao acceso ao mercado laboral. Por unha banda, os casos nos que xa existía experiencia laboral previa e, por outra, os casos nos que buscan o seu primeiro emprego e/ou o seu primeiro proxecto vital. A pesar do feito de que estas diferenzas nas situacións de partida repercutiu en boa medida -tanto nas demandas dos/as participantes a este respecto, como na súa motivación de cara a este módulo- en ambos os casos, as actividades propostas tentaron responder ás múltiples demandas e expectativas. Factores que se valoraron para a posibilidade de realización do período de prácticas. Todo isto fíxose posible, unicamente con flexibilidade nas propostas, nos Itinerarios e na propia concepción das accións a través dos módulos.



A sección do módulo dedicada ás **novas tecnoloxías** supuxo unha motivación xeralizada no desenvolvemento do módulo prelaboral. Favoreceu o coñecemento e acceso por parte de algúns/unhas ao computador e ao manexo de internet como unha ferramenta mais para o desenvolvemento no ámbito laboral. Os puntos de partida e os coñecementos eran diversos xa que o uso do computador e de internet era elevado por parte de algúns/unhas e outros/as case non dispoñían de ningún sobre o manexo de sistemas informáticos básicos. Ferramentas como o correo electrónico, os procesadores de texto, ou os motores de busca de internet, ás que algúns dos participantes non estaban afeitos, foron habitualmente empregadas durante as sesións.

Neste módulo, impartido na aula municipal de computadores de Ríos, os e as participantes traballaron en parellas e en grupo, reforzando as súas habilidades para o traballo conxunto.

O uso continuado da rede para a busca de emprego resultou enriquecedor e positivo para os/as participantes e o contacto real coas ofertas de emprego. Ao tempo, posibilitou un afrontamento directo coa realidade para reflexionar na importancia dos estudos e da preparación específica para determinados postos de traballo que lles interesaban.

### **Valoración do período de prácticas polos/as docentes:**

Desde o comezo da acción formativa a grande maioría das/os participantes amosaron moito interese no desenvolvemento das prácticas en empresa.

Aínda que algunhas/algúns das/os participantes carecían de experiencia laboral e centraban a súa motivación en completar os seus estudos regulados ou acceder a outros tipos de formación; outras/os contaban con experiencias laborais previas (sexan de carácter formal ou informal) e atopábanse máis orientados/as cara á busca de emprego, pero en ambos casos, a meirande parte delas/es amosaba interese pola realización das prácticas.

Á hora de valorar o acceso ou non a prácticas prelaborais tívose en conta igualmente o nivel de desenvolvemento de habilidades acadado ao longo dos itinerarios (como se reflicte na aplicación informática), como a puntualidade, o acatamento de ordes, recoñecemento de autoridade, etc...

Pola parte organizativa a complexa situación na que sigue o mercado laboral supuxo unha dificultade para facilitar a posibilidade de conveniar o período de prácticas con múltiples empresas do barrio.

Finalmente accederon ás prácticas un total de seis participantes, tres no periodo 2017 e outras/os tres no 2018, en dúas empresas do barrio: unha ferretería e un supermercado. O resultado destas prácticas foi moi satisfactorio, cunha grande colaboración por parte das empresas e moita implicación por parte das/os participantes. Así mesmo hai que destacar que outros dous participantes non chegaron a realizar as prácticas, pese a estar seleccionados para as mesmas, debido ao seu abandono do itinerario, o cal fai entrever que non estaban preparados para as mesmas e a valoración que se fixo respecto a súa realización fora errónea. É necesario destacar nos aspectos positivos a incorporación laboral dunha das persoas que realizou as prácticas prelaborais na empresa onde as realizou, o cal supuxo un éxito en todos os sentidos.

### **Resultado de indicadores de avaliación**

#### **Indicadores de avaliación**

Obxectivos 1 e 3:

\*Ver datos resultados obtidos.

### Obxectivo 2:

- N<sup>o</sup> de mozas e mozos derivados dos servizos: 29
- N<sup>o</sup> de mozos e mozas titorizadas: 30
- N<sup>o</sup> de seguimentos realizados: 30
- N<sup>o</sup> de mozas e mozos da poboación xeral- sen derivación previa: 7

### Obxectivos 4 e 5:

- Total complementaridade cos Colectivos, servizos sociais e profesionais colaboradores
- 2% Poboación xeral implicada.
- 6% Colectivos, servizos sociais e profesionais colaboradores.
- Grao de implicación de usuarios/as e axentes sociais participantes: Medio
- Grao de satisfacción de usuarios/as e axentes sociais participantes: Medio-alto
- Alto grao de coordinación e cooperación dos/as profesionais e recursos implicados.

## CONCLUSIÓN

O período de derivacións e a realización das posteriores entrevistas realizouse con certa premura para poder definir o perfil dos/as participantes e os Itinerarios Personalizados de Inserción Socio-laboral.

A priori, foi importante artellar un sistema de traballo individual e grupal baseado na motivación previa dos/as mozos e mozas que conxuntamente cos factores externos e individuais provocará a súa paulatina implicación e continuidade nos proxectos de inserción sociolaboral.

Finalmente, unha vez rematados os Itinerarios e avaliadas as actuacións, son diversos os aspectos claves a ter en conta:

- O principal factor a ter en conta é, como se comentou anteriormente, a adaptación ás características persoais e sociofamiliares das/os participantes, polo que se diferenciou a maneira en que cada cal participaba no programa: Itinerario grupal (módulos formativos e titorías de inserción socio-laboral), nos que a duración dos módulos foi de un mes por período, con titorías semanais e ca posterior continuación do itinerario de maneira individualizada; e o Itinerario individualizado (titorías de inserción socio-laboral), con duración determinada pola consecución dos obxectivos e na que se mantivo unha titorizaxe semanal continua.
- As poucas experiencias laborais previas dunha parte importante dos/as participantes así como as diversas responsabilidades familiares, inciden tanto no interese xeral do grupo como na toma de conciencia da súa realidade. Oito das/os participantes nesta edición contaban con experiencias laborais previas, mais predominando a economía submerxida, e todas elas, porén, de curta duración. Os restantes participantes, con idades polo xeral máis baixas, centraban a súa busca no acceso ao primeiro emprego ou a completar a súa formación.
- A necesidade real dunha reflexión inicial, que as/os resituase e as/os fixera conscientes da necesidade de adquirir e mellorar as habilidades sociais precisas para o acceso ao actual mercado de traballo (case inexistente) ou o seguimento de accións formativas.

En liñas xerais, o programa evolucionou en dúas direccións parellas; por unha banda, os proxectos de inserción individualizados e por outra, o traballo grupal, dentro dos seus Itinerarios, que foi evolucionando axeitadamente chegando a acadar os obxectivos establecidos previamente no programa:

- Asunción e cumprimento de horarios e regularidade na asistencia
- Establecemento dun plan formativo-laboral que permite o aumento das perspectivas tanto formativas como laborais e principalmente como fonte de motivación.

Estas actuacións, supuxeron a reactivación, en moitos casos, cara ao mundo académico/formativo e a busca activa -real- de emprego de forma organizada e continua.

Como en edicións anteriores, o perfil dos/das destinatarios/as vaise modificando co paso do tempo polo que fixo preciso adaptar os contidos teórico-prácticos as demandas e realidades dos mozos e mozas.

Así, o adestramento en habilidades sociais céntrase en adquirir e mellorar as rutinas establecidas de modo xeral polo que é preciso incidir no establecemento duns horarios normalizados, achegamento aos diferentes recursos, asumir responsabilidades, ser consciente da realidade en canto a necesidade de formación e de adaptación das expectativas sociolaborais á realidade e establecer as demandas de maneira continuada (BAE planificada e continuada...).

A combinación de todas estas cuestións posibilita a nivel grupal que se establezan e manteñan horarios, o traballo en equipo, vivenciar a realidade actual, etc... En definitiva, acadar melloras e posibilitar cambios que propicien a inserción sociolaboral “real” nos diversos casos.

No tocante as/aos participantes derivadas/os hai que sinalar que se deron algunhas circunstancias que marcaron o devir do programa. Destacar a configuración dos grupos en ambos os períodos, xa que, de maneira casual, no período 2017 o grupo conformouse por homes na súa casi totalidade o que ocasionou (ente outras posibles causas) a baixa prematura de única muller participante. No 2018, a conformación foi inversa e só había dous homes no grupo, pero curiosamente neste caso non incidiu negativamente na evolución e desenvolvemento dos itinerarios.

A realidade que nos atopamos no perfil de mozos e mozas fainos crer que sería necesario seguir traballando a posteriori cos/as destinatarios/as dos Itinerarios para que logren acadar e manter os seus propios obxectivos tanto persoais, (nalgúns casos, recentemente definidos), como profesionais onde o nivel de esixencia requirido sexa paulatinamente máis elevado. Unha duración máis prolongada de proxectos deste tipo permitiría acadar mellores resultados e unha maior efectividade da acción, xa que tanto polas características do colectivo da xente moza como polas circunstancias sociofamiliares que rodean.

A realidade que nos atopamos no perfil de mozos e mozas fainos crer que sería necesario seguir traballando a posteriori cos/as destinatarios/as dos Itinerarios para que logren acadar e manter os seus propios obxectivos tanto persoais, (nalgúns casos, recentemente definidos), como profesionais onde o nivel de esixencia requirido sexa paulatinamente máis elevado. Unha duración máis prolongada de proxectos deste tipo permitiría acadar mellores resultados e unha maior efectividade da acción, xa que tanto polas características do colectivo da xente moza como polas circunstancias sociofamiliares que rodean os/as participantes do A Punto Teis, hai certos aspectos que só son traballables a medio ou mesmo longo prazo cun acompañamento dos/as rapaces/as. A isto, súmase unha oferta formativa / laboral practicamente inexistente para algúns dos perfís cos que se traballa neste programa, debido tanto á súa idade como características persoais (destrezas, habilidades e motivación), o que en moitas ocasións devólveos/as na finalización deste programa a situacións de vulnerabilidade moi similares ás do punto de partida, nas que o traballado durante o mesmo pode resultar insuficiente para superar a súa situación de exclusión.

Como aspectos positivos, destacar os bos resultados obtidos nun bo número dos mozos e mozas que participaron, onde se observou un maior desenvolvemento de habilidades sociais, a adquisición de pautas para realizar unha busca de emprego activa, e, en definitiva, a clarificación de obxectivos que lles permitirá seguir o camiño de cara á inserción social e laboral.